

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de xullo de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D^a. Soledad Polo Lima

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte e seis de xullo de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o secretario xeral do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, por ausencia do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor, Sr. González Carnero, e o Titular da asesoría xurídica, Sr. Rivas Romero.

1(900).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALLEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIDADE PARA O FOMENTO E HOMOLOGACIÓN DAS POLÍTICAS MUNICIPALISTAS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO.12767/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 20.06.05 e de acordo co informe proposta da xefa de Planificación de Servicos Sociais, do 06.06.05, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.-Aprobar o novo texto do convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade, segundo as estipulacións que nel figuran.

2º.-Aprobar o gasto total do importe do convenio de 64.000 € dos que 60.000 € se destinaran a promoción de actividades das ONG e 4.000 € a sensibilización e difusión e/o axudas urxentes, ambos con cargo a partida 3130.4800001.

3º.-Deléguese na Delegada de Área de Participación Cidada, Marta Iglesias Bueno, o asinamento do presente convenio co Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade.

4º.-En cumprimento da cláusula 6ª do convenio, nomear a Dª Mª José Thomas Berbén, como Técnica municipal responsable para integrarse na Ponencia do Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade e emitir os informes sobre a idoneidade dos proxectos e garante o seu seguimento.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA O FOMENTO E A HOMOLOGACIÓN DAS POLÍTICAS MUNICIPALISTAS DE COOPERACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO.

En Vigo, a de de 2005

COMPARECEN

A Delegada de Área Participación Cidada, Marta Iglesias Bueno segundo o nomeamento polo Decreto da Alcaldía de 21 de febreiro de 2005 o polo acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de febreiro de 2005

Doutra, o Sr. D. Alfredo Novoa Gil, na súa calidade de Presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade, e intervindo neste acto por conta e representación da citada entidade, segundo se acredita por medio de certificación, con copia debidamente compulsada e dilixenciada polo funcionario competente e incorporada ó expediente administrativo, de conformidade coas facultades que se lle atribúen polo artigo 23 e afíns dos Estatutos da supracitada entidade, dos que igualmente se aporta copia compulsada e dilixenciada polo funcionario competente, que figura inscrita a tódolos efectos legais no rexistro provincial de Asociacións da Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia.

E, en consecuencia, recoñecendo mutuamente a ambas partes intervintes plena lexitimación, capacidade e representación para acordar o que ás súas respectivas entidades lles resulte de interese para o desenvolvemento das súas competencias e funcións,

EXPOÑEN

Que, preocupado pola necesidade de obter o máximo rendemento dos recursos que destina a cooperación ó desenvolvemento, o Concello de Vigo está comprometido co propósito de impulsar aquelas prácticas que possibiliten unha maior coordinación das políticas municipalistas desenvolvidas en Galicia neste eido, compartindo coas ONGs e o conxunto da sociedade viguesa esa aspiración común á mellora da cooperación.

Que o Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade é unha asociación de carácter municipalista que, co apoio da FEGAMP, favorece a incorporación das entidades locais e provinciais de Galicia a dinámicas activas de cooperación, evitando a súa fragmentación e estimulando a súa maior eficacia e coordinación, actividades que desexa intensificar para implicar nas mesmas ó conxunto da cidadanía. O Concello de Vigo integrouse no Fondo Galego mediante acordo plenario de data 3 de agosto de 1998.

O Concello de Vigo e o Fondo Galego acreditan a necesidade de reforzar os mecanismo homoxeneizadores da cooperación propiamente municipalista e instaron a sinatura da denominada “Declaración Política das cidades e o Fondo Galego”, asinada o 5 de marzo de 2001, por tódalas cidades galegas e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Por todo o exposto, habida conta da sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismo concurrentes para a súa consecución, ambas partes intervintes coinciden en instrumentar o seu acordo de vontades no presente Convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto artellar a participación do Concello de Vigo na convocatoria pública de axudas a proxectos e programas de cooperación ó desenvolvemento que realiza o Fondo Galego.

Segunda.- En tódalas accións relacionadas co presente convenio, tanto o Concello de Vigo como o Fondo Galego contarán necesariamente coa colaboración, asesoramento e auxilio das Organizacións non gubernamentais con implantación na cidade, especialmente a través do Consello municipal de cooperación.

Terceira.- O Fondo Galego comprométese a aplicar os recursos económicos aportados polo Concello de Vigo a proxectos de cooperación ó desenvolvemento en países do Sur, ben sexa co concurso das ONGs, ou a través de cooperación directa (con municipios ou entidades municipalistas do Sur), garantindo en todo momento os medios técnicos e humanos para o seu digno desenvolvemento.

Cuarta.- O importe total desta iniciativa cífrase en SESENTA E CATRO MIL (64.000 €) EUROS, dos que 60.000 se destinan a promoción de actividades das ONGs e 4.000 a sensibilización e difusión e/ou axudas urxentes. O Concello de Vigo comprométese a aportarllos con cargo a partida orzamentaria 3130.4800001

Quinta.- O pagamento librarase unha vez que o Fondo Galego, mediante certificación do seu Secretario, aporte ó Concello de Vigo unha relación exhaustiva e documentada dos proxectos a financiar cos devanditos recursos.

Sexta.- O Concello de Vigo designará un Técnico/a municipal para integrarse na Ponencia do Fondo Galego que emita os informes sobre a idoneidade dos proxectos e garante o seu seguimento, e poderá recabar do Fondo Galego informes técnicos específicos sobre aspectos concretos relativos ós proxectos de cooperación que financie, podendo acceder en todo momento á documentación existente.

Sétima.- Executados os proxectos financiados, o Fondo Galego remitirá ó Concello un informe final explicativo das actuacións desenvolvidas, xunto cos preceptivos xustificantes do gasto realizado.

Oitava.- O presente convenio ten vixencia dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2005, sen prexuízo da posibilidade de estender a colaboración por medio de novo instrumento convencional, logo de avaliada a experiencia posta en marcha. O seu seguimento será efectuado por unha comisión paritaria de técnicos designados polo Concello de Vigo e o Fondo Galego.

De se lembrar a continuación da colaboración entre as entidades asinantes no proxecto motivo da sinatura do presente convenio,(e no caso de que non se modifique as actividades a desarrola) abondará coa sinatura dunha addenda tras ser realizados os trámites administrativos necesarios.

Novena.- No caso de incumprimento do presente Convenio, transgresión na súa execución ou desestimento por parte da entidade asociativa, procederáse á súa inmediata resolución. Concorrendo estes supostos, o Fondo Galego

reintegrará ó Tesouro do Concello as contías abonadas, con recargos e intereses a que houbera lugar, de conformidade coa normativa que lle resulte de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma despushera.

Décima.- As lagoas ou diverxencias que poideran apreciarse na aplicación do presente Convenio integraríanse, interpretaríanse e resolveríanse motivadamente pola Administración, e contra as súas resolucións, e polo carácter administrativo deste Convenio, caberá interpor os oportunos recursos administrativos e xurisdiccionais na orde contencioso-administrativa, ou calquera outros recursos e accións que en Dereito procedan.

E en proba da plena e voluntaria conformidade dos intervinentes, coas estipulacións enriba consignadas, ámbolos dous asinan e rubrican o presente instrumento convencional, por duplicado exemplar, no lugar e data do seu encabezamento.

2(901).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: A) ALTA EXPTE. 02/783, 22/1374, 22/1281,04/1068, 04/1028, 04/310, 14/885 E 14.001.131. B) DENEGACIÓN EXPTE. 12/1201, 13/1239,

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes propostas do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola concelleira delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

a) Dar de alta no Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a Rosario Moure Pérez. Expte. 02/783.
- D^a Dolores Pérez Alonso. Expte. 22/1374.
- D^a Nieves Freitas Costas. Expte. 22/1281.
- D^a Ines Antonia Ricoy Fernández. Expte. 04/1068.
- D. Gregorio Vilches Delgado. Expte 04/1028.
- D^a Carmen Medraño López. Expte 04/310.
- D^a Josefa Rodríguez Pérez. Expte. 14/885.
- D. Sabino Parajes Castro. Expte. 14/1131.

b) Denegar a prestación do Servizo de axuda no fogar a D^a Hermelinda Pala Domínguez, expte. 13/1239 e D. José Bande Alberte, expte. 12/1201.

3(902).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O REAL CLUB NAÚTICO DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DA “REGATA DE TRAIÑAS BANDEIRA CONCELLO DE VIGO” O VINDEIRO MES DE AGOSTO. EXPTE. 5296/333

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 25.01.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e o interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o texto do convenio para a celebración da Regata de Traíñas Bandeira Concello de Vigo, entre o Concello de Vigo e o Real Club Náutico de Vigo, que de seguido se transcribe.

2º.- Aprobar o gasto de 18.000 euros a favor da entidade; Real Club Náutico de Vigo, con CIF: G-36612752. Con enderezo en Avenidas, s/n- Vigo 36210. (c/c: 0049-0557-78-2710046976 con cargo á partida 4521.226.08.00 do vixente presuposto.

3º.-Aprobar o seguinte procedemento de pago en cumprimento do convenio de colaboración e de acordo as características especiais deste evento:

O 50% (9.000) do importe total proposto, será tramitado como gastos a xustificar a través da conta habilitada da Concellería de Deportes na entidade Caixanova nº 2080-0000-07-0040270465, de cara a poder afrontar os primeiros gastos de organización por parte do Real Club Náutico de Vigo, con CIF: G-36612752.

O resto aboarase directamente á entidade Real Club Náutico de Vigo, con CIF: G-36612752, coa certificación e presentación da facturas orixinais ata completar a totalidade da cantidade prevista no presente convenio unha vez rematado o evento.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CLUB NÁUTICO DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DA REGATA DE TRAIÑAS BANDEIRA CONCELLO DE VIGO QUE SE CELEBRARA EN AGOSTO DE 2005.

No Concello de Vigo, a de do dous mil cinco.

Dunha parte: D. Corina Porro Martinez, Alcaldesa de Vigo.

E doutra: D. Franco Cobas González, con DNI 35.889.951 S, en nome e representación do Real Club Náutico.

Ámbalas dúas partes recoñécese mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente Convenio.

EXPOÑEN :

Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización da regata de Traíñas Bandeira Concello de Vigo, que con grande éxito e tradición vense celebrando, o Excmo. Concello de Vigo e o Rel Club Náutico de Vigo conveñen a realización da Regata de Traíñas o vindeiro mes de agosto de 2005, nos seguintes termos:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA,- O Excmo. Concello de Vigo comprometese a:

- 1.1.- *Autorizar a organización da Regata de Traíñas Bandeira Concello de Vigo ó Real Club Náutico de Vigo para a celebración da mesma o vindeiro mes de agosto de 2005.*
- 1.2.- *A colaboración na organización dos medios necesarios para a instalación dun palco, instalación de megafonía, así como a cesión das instalacións deportivas municipais necesarias durante a data de celebración da Regata de Traíñas.*
- 1.3.- *Aboar o Real Club Náutico de Vigo co obxectivo de colaborar no financiamento dos gastos relacionados coa organización e celebración da Regata de Traíñas Bandeira Concello de Vigo a cantidade de 18.000 euros, con cargo á partida 4521.226.08.00 da Concellería de Deportes, en función dos seguintes termos:*
- 1.3.1.- *A sinatura do presente convenio, aboarase o 50% (9.000), do importe total proposto, de ara a poder afrontar os primeiros gastos de organización por parte do Real Club Náutico de Vigo.*
- Este primeiro pago realizarase a través da conta habilitada da Concellería de Deportes na entidade Caixanova nº 2080-0000-07-0040270465 como gastos a xustificar.*
- 1.3.2 *O resto do importe abonarase coa certificación e presentación de facturas orixinais ata completar a totalidade da cantidade prevista no presente convenio unha vez rematado o evento.*

SEGUNDA.- O Real Club Náutico asume as seguintes obrigas:

- 2.1.-*Organizar a Regata de Traíñas Bandeira Concello de Vigo, no mes de agosto de 2005, asumindo as responsabilidades sobre os seguintes medios:*
- a) Medios necesarios humanos e materiais para facilitar o acceso das embarcación.*
 - b) Embarcacións auxiliares para a regata.*
 - c) Coordinación sobre a sinalización do percorrido.*
 - d) Coordinación montaxe palco, megafonía, etc.*
 - e) Solicitar os permisos necesarios.*
 - f) Reunión e recepción delegados equipos.*
 - g) Actos de entrega de premios.*
 - h) Confección da Bandeira da proba.*
 - i) Asumir os pagamentos dos premios entre os vencedores segundo os datos do presente convenio.*
- 2.2.- *En tódala información e publicidade do Evento figurará o logo da Concellería Deportes. Así mesmo na instalación onde se celebre o evento figurará unha pancarta da Concellería de Deportes.*
- 2.3.- *A organización porá a disposición da Concellería de Deportes as invitacións necesarias para a promoción do evento na Cidade.*
- 2.4.- *Tódolos medios de promoción e difusión, deberán empregar o Galego como Idioma oficial da Regata de Traíñas Bandeira Concello de Vigo.*
- 2.5.- *Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil.*

TERCEIRA: O seguimento da execución do presente Convenio será realizado pola Concellería de Deportes do Excmo. Concello de Vigo, comprometéndose o Real Club Náutico de Vigo a xustificar debidamente ante as mesmas os gastos efectuados para a realización da referida Bandeira de Traiñas.

A Concellería de Deportes, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

CUARTA: A vixencia do presente convenio é para a realización da Bandeira de Traiñas no vindeiro mes de agosto de 2005.

QUINTA: A Concelleira delegada da area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local queda facultada para solucionar posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.

Así o conveña no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado o presente documento.

4(903).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CLUB DE CAMPO DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DO “LXV CONCURSO INTERNACIONAL DE TENIS CIDADE DE VIGO” DO 13 O 21 DE AGOSTO DE 2005. EXPTE. 5364/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 30.06.05, e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 15.06.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e o interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.-Aprobar o proxecto de convenio para a celebración do LXV CONCURSO INTERNACIONAL DE TENIS CIDADE DE VIGO, entre o Concello de Vigo e o Club de Campo, que de seguido se transcribe.

2º.-Aprobar o gasto de 15.000 euros a favor da entidade Club de Campo de Vigo CIF: G-36613685. Con enderezo en Xunqueira do Bao - Vigo (c/c: 76 2080 0000 76 0040109952 con cargo á partida 4521.226.08.00 do vixente presuposto.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CLUB DE CAMPO DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DO LXV CONCURSO INTERNACIONAL DE TENIS CIDADE DE VIGO

No Concello de Vigo, a de de dous mil cinco.

Dunha parte: Dna. Corina Porro Martinez, Alcaldesa de Vigo.

E doutra: D.Manuel Sanjurjo Blein, con DNI 35928139-T en nome e representación do Club de Campo de Vigo.

Ámbalas dúas partes recoñécese mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente Convenio.

EXPOÑEN :

Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización do Concurso Internacional de Tenis Cidade de Vigo que con grande éxito vense celebrando dende hai varias edicións, o Excmo. Concello de Vigo e o Club de Campo conveñen a realización do mesmo durante os vindeiros días, 13 ó 21 de agosto do 2005, nos seguintes termos:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA,- O Excmo. Concello de Vigo comprometése a:

- 1.1.- Ceder os dereitos de organización do LXV CONCURSO INTERNACIONAL DE TENIS CIDADE DE VIGO ó Club De Campo de Vigo para a celebración do mesmo os días 13 ó 21 de agosto do 2005.*
- 1.2.- Aboar o Club de Campo de Vigo os gastos relacionados coa organización e celebración do LXV CONCURSO INTERNACIONAL DE TENIS CIDADE DE VIGO por unha cantidade de 15.000 euros, con cargo á partida 4521.226.08.00 da Concellería de Deportes, previo informe do técnico municipal de que se desenvolveu a actividade e coa presentación de facturas orixinais e dunha memoria por parte do Club de Campo de Vigo, unha vez rematado o evento.*

SEGUNDA,- O Club de Campo de Vigo, asume as seguintes obrigas:

- 2.1.- Organizar o Torneo Internacional de Tenis Cidade de Vigo, nas datas do 13 ó 21 de agosto de 2005.*
- 2.2.- Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil.*
- 2.3.- En tódala información e publicidade do evento figurará o logo da Concellería de Deportes. Así mesmo na instalación onde se celebre o evento figurará unha pancarta da Concellería de Deportes.*
- 2.4.- A organización porá a disposición da Concellería de Deportes un mínimo de 100 invitacións para promocionar o evento entre os xoves da cidade.*
- 2.5.- Tódolos medios de promoción e difusión, deberán empregar o Galego como Idioma oficial do Torneo Internacional de Tenis Cidade de Vigo .*

TERCEIRA O seguimento da execución do presente Convenio será realizado pola Concellería de Deportes do Excmo. Concello de Vigo, comprometéndose o Club de Campo de Vigo a xustificar debidamente ante as mesmas os gastos efectuados para a realización do referido Torneo Internacional de Tenis Cidade de Vigo.

CUARTA: Así mesmo acordan que todos los ingresos provenientes do referido Torneo Internacional de Tenis Cidade de Vigo serán percibidos en beneficio do Club de Campo de Vigo para sufragar os gastos do Concurso e como compensación os servicios prestados o Excmo. Concello de Vigo, sen que teña nada que reclamar por ningún concepto.

QUINTA: A Vixencia do presente convenio é para a realización do LXV CONCURSO INTERNACIONAL DE TENIS os vindeiros días 13 ó 21 de agosto de 2005.

SEXTA: A Concelleira delegada da area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, queda facultada para solucionar posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.

Así o conveña no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado e presente documento.

5(904).- SOLICITUDE DA FEDERACIÓN GALEGA DE MOTONÁUTICA DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A “SEGUNDA PROBA DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE MOTOS ACUÁTICAS RAID E CIRCUÍTO” NA PRAIA DE SAMIL, OS VINDEIROS 6 E 7 DE AGOSTO DE 2005. EXPTE. 5413/333

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 15.07.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.-Autorizar Federación Galega de Motonáutica a organizar os vindeiros días 6 e 7 de agosto de a segunda proba do Campionato de España de Motos Acuáticas Raid e Circuito, que se celebrará na praia de Samil na zona próxima as instalacións deportivas municipais do IMD, no horario seguinte:

- Sábado, 6: 10:45 h. a 16:00 h.
- Domingo, 7: 10:30 h. a 15:00 h.

2º.- Autorizar os organizadores a acoutar unha zona no aparcamento que está a carón das instalacións deportivas, para instalar os boxes dos carros de transporte das motos acuáticas dos participantes, así como unha zona de 50 metros, aproximadamente, no areal da praia onde se instalarán unhas gradas e as carpas para os xuíces da federación.

3º.-Facilitar os organizadores:

- Toma de corrente para conexión de megafonía e ordenador.
- 30 vallas metálicas para acoutar a zona do aparcamento.
- Uu contedor de lixo.
- Presencia de axentes da Policía Local.
- Presencia de efectivos de Protección Civil cunha embarcación na auga no horario da proba.

4º.- Os organizadores están obrigados a deixar a area da praia e o recinto do aparcamento en perfectas condicións de limpeza e salubridade o remate da proba.

6(905).- SOLICITUDE DA EMPRESA PLUSPORTS, S.L. DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A “V AVENTURA NA PRAIA” NA PISTA DE PATINAXE DA PRAIA DE SAMIL, OS VINDEIROS 3 Ó 15 DE AGOSTO DE 2005. EXPTE. 5233/333

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 15.07.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar a empresa Plusports, S.L. a organizar os vindeiros días 3 ó 15 de agosto de 2005 a actividade lúdico deportiva V Aventura na Praia, que está previsto que se desenvolva na pista de patinaxe de Samil en horario de mañan e tarde consta das modalidades de:

- Puenting.
- Rocodromo.
- Tirolina.
- Circuíto de aventura para peques.
- Aerobic.
- Circuíto de quads.

2º.- Os organizadores ateranse as condicións propostas polo departamento de Montes, Parques e Xardíns para o montaxe da actividade.

3º.- Os organizadores deberan ter un seguro de Responsabilidade Civil que cubra os desperfectos que poidan causar e os danos que poidan sufrir os participanyes en calquera das modalidades que se desenvolvan.

7(906).- ABOAMENTO DA ASISTENCIA DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONCELLOS ESCOLARES DE CENTROS DE ENSINO PÚBLICO NO UNIVERSITARIO. EXPTE. 6384/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 15.07.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a cantidade de 5768,1.-€ (CINCO MIL SETENCENTOS E OITO CON UN EUROS) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares, con cargo á partida 422.0.233.00.00 do vixente presuposto de representación en consellos escolares, e ao RC Nº 200500001190 desglosadas do seguinte xeito:

Zona 1.- BEATRIZ ALONSO ASENJO, NIF: 35.991.455-C
(18/01/05 – 30/06/05).....20 X 39,78.-€ 795,6.-€

Zona 2.- PEDRO Mª VAZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M

(18/01/05 – 30/06/05)24 X 39,78.-€ 954,72.-€

Zona 3.-MARIA LUISA OTERO VAZQUEZ, NIF: 36.000.484-X

(18/01/05 – 30/06/05)18 X 39,78.-€ 716,04.-€

Zona 4.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N

(18/01/05 – 30/06/05)12 X 39,78.-€ 477,36.-€

Zona 5.-FELIPE CODESIDO RODRÍGUEZ, NIF: 36.081.823-K

(18/01/05 – 30/06/05)26 X 39,78.-€1034,28.-€

Zona 6.- JESUS GONZALEZ ROCA, NIF: 35.920.716-Y

(18/01/05 – 24/05/05)14 X 39,78.-€ 556,92.-€

Zona 7.-ALFONSO SILVA LORENZO, NIF: 36.002.568-R

(18/01/05 – 30/06/05)21 X 39,78.-€ 835,38.-€

Zona 8.-Mª JOSE LÓPEZ GONZÁLEZ, NIF: 36.021.649-S

(18/01/05 – 08/03/05)8 X 39,78.-€ 318,24.-€

Zona 8.-Mª PILAR DÍAZ DE BUSTAMANTE, NIF: 33.214.0.476-Y

(26/04/05 – 02/05/05)2 X 39,78.-€ 79,56.-€

TOTAL ASISTENCIAS145 X 39,78.-€.....5768,1.-€

8(907).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA “FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.” POR IMPORTE DE 239.473,02 €, CORRESPONDENTE AO SERVICIO DE LIMPEZA DE PRAIAS DO 15 DE XUÑO-15 DE SETEMBRO DE 2004. EXPTE.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 13.06.05 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza, do 14.06.05, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a nulidade da prestación do servizo realizado pola empresa Fomento de Construcciones y Contratas S.A. (FCC).

2º.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de FCC por un importe total de 239.473,02 €, correspondente á totalidade do custo do servizo de limpeza de praias no período de 15 de xuño de 2004-15 de setembro de 2004.

3º.- Imputar o correspondente importe á partida 4420.2270000 con cargo ao RC nº 27007 de data 8.06.05.

9(908).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DA MULLER DO CONCELLO DE VIGO E O GRUPO DE ESTUDIOS SOBRE A CONDICIÓ DA MULLER ALECRÍN PARA GARANTIR O LIBRE ACCESO DO PÚBLICO AO “CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E BIBLIOTECA ALECRÍN” (CDB). EXPTE. 1966/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.02.05, e de acordo co informe proposta da técnica da Oficina da Muller, do 10.02.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e o interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Suscribir o “Convenio de colaboración entre o Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller Alecrín e a Concellería da Muller do Concello de Vigo para garantir o libre acceso do público en xeral ó “Centro de Documentación e Biblioteca Alecrín”.

2º.- Facultar á Concelleira da Muller para que o asine en representación do Concello de Vigo.

3º Autorizar o gasto de 24.000 (vintecatro mil euros)-, con cargo á partida 463.2.227.06.09 do presuposto vixente, a favor do Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller Alecrín, CIF Nº G-36.633.154, en concepto de execución do convenio.

4º Aprobar o texto que de seguido se dí:

En Vigo, na casa do Concello, o día de de dous mil cinco,

R E Ú N E S E:

Dunha parte, Dª Lucía Molares Pérez, Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local - Muller do Concello de Vigo, en nome e representación deste.

Doutra Dª Ana Míguez Vigo, co DNI núm. 35.988.073, en representación do Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller Alecrín.

As dúas partes recoñécense capacidade legal e representación suficiente para suscribir o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA GARANTIR O LIBRE ACCESO DO PÚBLICO Ó “CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E BIBLIOTECA ALECRÍN” ENTRE A CONCELLERÍA DA MULLER DO CONCELLO DE VIGO E O GRUPO DE ESTUDIOS SOBRE A CONDICIÓ DA MULLER ALECRÍN.

de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- O presente convenio ten como finalidade garantir o libre acceso do público en xeral ó “Centro de Documentación e Biblioteca Alecrín” (CDBA)

SEGUNDA.- Terá vixencia dende o día da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local ata o 31 de decembro de 2005

TERCEIRA.- O Concello de Vigo comprométese ó pagamento de 24.000.- Euros (vintecatroy mil euros).- para o funcionamento do CDBA durante o ano 2005.

CUARTA.- A certificación do gasto pola CONCELLERÍA DA MULLER farase a mes vencido e condicionada ó cumprimento da totalidade do convenio. A mensualidade será de 4.800 .- Euros (catroy mil oitocentos euros) para o ano 2005.

QUINTA.- O Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín comprométese a facilitar a memoria avaliativa final e o seguimento económico dos servicios trimestralmente, xunto coas facturas orixinais dos gastos.

SEXTA.- Alecrín declara baixo a súa responsabilidade non percibir subvención doutra institución ou organismo polos conceptos subvencionados neste convenio. De percibila deberá declarala para deducir o seu importe, si procede, do custo deste convenio.

SÉTIMA.- O CDBA conta cun material inventariable que se achega ó programa, e que se detalla no Anexo I, con especificación do adquirido con subvención municipal.

OITAVA.- O CDBA ocupa un local sito na rúa de García Barbón número 30-5º ofc.8

NOVENA.- No equipo que atenda o Centro de Documentación e Biblioteca Alecrín debe haber, polo menos, unha bibliotecaria titulada.

DÉCIMA.- O Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín deberá planificar o gasto de xeito que priorice o pagamento regular do persoal asalariado.

DÉCIMOPRIMEIRA.- Calquera cambio no equipo, infraestrutura e persoal do CDBA debe ser comunicado con antelación previa á Concellería da Muller.

DÉCILOSEGUNDA.- A propiedade, titularidade, xestión e dirección do CDBA correspóndelle o Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín, que se responsabiliza da plena adecuación das súas instalacións á normativa vixente sobre locais de uso cultural e público.

DÉCIMOTERCEIRA.- O servizo ó público será gratuíto e o servizo de préstamo á casa regularase de acordo coas normas que se unen no Anexo II. Respectarase a legalidade vixente que marca as posibilidades de facer reproducións parciais ou totais de libros. Participarase en todo tipo de actividades de colaboración inter-bibliotecaria. Elaborarase unha paxina Web do CDBA na que se publiciten os seus servizos e xeito de acceso.

DECIMOCUARTA.- A lingua galega empregarase con carácter xeral, tanto na fala como na documentación interna e pública referente á prestación deste Servizo, segundo o previsto na Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

DÉCIMOQUINTA.- O horario do CDBA será de 10,00 a 13,30 e de 16,00 a 20,00 horas , de luns a venres na duración do convenio, agás o horario especial de verán que será de 10,00 a 13,30 e de 17,00 a 20,00 horas, establecido no Anexo III.

DÉCIMOSEXTA.- O CDBA deberá realizar, entre outras actividades indicadas na programación do Anexo IV, as seguintes:

- 1. Difusión selectiva da información ó conxunto das asociacións de mulleres de Vigo e ós centros de ensino públicos.*
- 2. Artellar o servizo de teledocumentación*
- 3. Realizar o labor de seguimento do BOE, BOP, e DOG dos temas de interese relacionados coa muller e de interese específico desta Concellería.
A información difundiráselles ós organismos mencionados nun prazo non superior a unha semana que contará desde a publicación da convocatoria.*
- 4. Mantemento e actualización da paxina Web do CDBA na que se deberán publicitar os seus servizos e xeito de acceso.*

DÉCIMOSETIMA.- Toda a difusión que realice o CDBA ó exterior por calquera medio así como a propaganda , incluída a paxina Web, deberá levar os logotipos do Concello de Vigo e da Concellería da Muller coa lenda “CONCELLERÍA DA MULLER” en lugar preferente. De calquera xeito, toda a publicidade deberá contar co visto e prace previo da Concellería da Muller.

Na prestación das actividades suxeitas ó presente convenio o CDBA deberá informar necesariamente ós/as beneficiarios/as sobre o presente convenio e os obxectivos do mesmo.

DÉCIMO OITAVA.- Créase unha Comisión de Seguimento, do presente convenio integrada por dúas representantes do Grupo de Estudos da Condición da Muller-Alecrín e por Dna. Lucía Molares Pérez, concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller quen a presidirá e Dna. Cristina Gómez García, técnica do Departamento da Muller, representantes do Concello de Vigo.

Esta comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución, garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos, proporalle as entidades outorgantes formas de aumentar a súa eficacia, e reunirse cando así o estimen oportuno.

É competencia da Concellería da Muller a interpretación destas bases.

DÉCIMONOVENA.- O incumprimento deste convenio por parte do Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín suporía a súa revogación total ou parcial, e as correspondentes penalizacións económicas.

En proba de conformidade e aceptación das cláusulas, asinan as comparecentes perante do Secretario Xeral do Concello de Vigo, que da fe, o día sinalado ó principio”.

10(909).-CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS DE SUBVENCIONS A ORGANIZACIONS E ASOCIACIONS SEN ANIMO DE LUCRO PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACION E PROMOCION DO USO DA LINGUA GALEGA DURANTE O ANO 2005. EXPTE. 461/334.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta da xefa do Servizo de Normalización Lingüística, do 16.05.05, conformado polo concelleiro de Normalización Lingüística e o Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.-Aprobar a convocatoria específica de subvencións do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo para o ano 2005.

2º.-Aprobar as bases que a seguir se transcriben e os anexos adxuntos no expediente, da convocatoria específica de subvencións do Servizo de Normalización Lingüística para asociacións e organizacións para a promoción social da lingua galega para o ano 2005.

3º.-Autorizar o gasto de 6.611,13 euros, con cargo á partida 4633.489.00.00 do orzamento de 2005.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE FOMENTO E DINAMIZACION DA LINGUA GALEGA REALIZADAS DURANTE O EXERCICIO 2005

Primeiro

En virtude do establecido no art. 28 da Lei de bases do réxime local, o art. 232 do Rd 2568/1986 ROFRXCL e demais disposicións concordantes, o SNL do Concello de Vigo convoca a concesión de subvención en réxime de concorrencia competitiva destinadas ao fomento e dinamización da lingua galega que impulsa a iniciativa asociativa que sexan compatíbeis ou subsidiarias coas que realiza o Concello de Vigo durante o exercicio do 2005.

Segundo

A contía da presente convocatoria ascende a 6.611,13 €, con cargo á partida 4633.489.00.00.

Terceiro

O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Cuarto

As solicitudes presentaranse mediante instancia normalizada que se establece nas bases, anexos II e III, acompañada dos datos resumidos do proxecto anexo III e demais documentación requirida nas bases.

Quinto

O prazo para a execución das actividades subvenionábeis será até o 30 de novembro de 2005.

Sexto

Apróbanse as bases, que se achegan ao expediente –anexo II- que rexerán a convocatoria de subvencións destinadas á promoción e dinamización da lingua galega no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

BASES ESPECÍFICAS DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS E ORGANIZACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA

LIMIAR

O fomento da presenza social da lingua galega é o principal obxectivo da convocatoria específica de subvencións do SNL.

Acadarmos máis espazos de uso, maior e mellor coñecemento da lingua de noso, recuperar ámbitos formais para a lingua galega son os eixos fundamentais para conquerirmos a normalización do idioma propio de Galiza.

Mais este empeño non pode conseguirse sen implicar á sociedade, sen facer deste noso obxectivo unha meta común. Daquela cómpre que dende a propia sociedade se promovan actuacións dinamizadoras da lingua galega.

É competencia do SNL as subvencións adicadas á promoción social da lingua galega que dende esta administración local se puidesen outorgar.

Tal e como se recolle no Plan xeral de normalización lingüística do goberno galego, aprobado por unanimidade no Parlamento galego en setembro de 2004, cómprenos:

- a) Concienciar as asociacións e colectivos sociais da pertinencia e necesidade de usar a lingua galega nas súas iniciativas.*
- b) Lograr que as asociacións e colectivos sociais continúen a ser axentes de promoción da lingua.*

E determina, entre outras medidas, para acadar estes obxectivos: “establecer convenios, actuacións, e outros incentivos para desenvolver accións que impulsen avance no uso da lingua galega”.

Con este espírito o SNL do Concello de Vigo aprobará, con carácter anual, e a poder ser as convocatorias para o outorgamento de subvencións para a promoción de actividades dinamizadoras do uso e coñecemento da lingua galega, que se axustarán ao estipulado nas súas bases.

A convocatoria establecerá o termo para a presentación das solicitudes, por un período non inferior a 20 días naturais- contados, tras a publicación da convocatoria no BOP, crédito máximo para a convocatoria. Asemade, a convocatoria poderá complementar estas bases coa concreción de novas prioridades e obxectivos temáticos ou territoriais para a priorización de proxectos, número de proxectos que se poden presentar a cada epígrafe e variación de contías máximas para percibir.

Durante o período da convocatoria atoparanse expostas as bases no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e inserirase anuncio na paxina web do Concello xunto coa convocatoria e formularios necesarios para concorrer a esta.

No caso de que unha vez resolta a convocatoria pública de subvencións e no transcurso do exercicio quedase crédito sen aplicación na partida correspondente, poderase atender aquelas solicitudes que non acadases subvención, sempre que estas solicitudes fosen presentadas no seu momento dentro da convocatoria, atendendo aos criterios, requisitos, procedementos e outros extremos expostos nestas bases.

Primeira. NORMATIVA

A presente convocatoria rexerese polas bases que a seguir se especifican en virtude do establecido nos art. 23 da Lei 38/03, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segunda. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA MÁXIMA DAS SUBVENCIONES

O importe total do conxunto das subvencións é 6.611,13 euros con cargo á partida orzamentaria do SNL 4633.489.00.0 do orzamento de 2005.

A contía máxima das subvencións non poderá exceder dos 2.000 euros por proxecto e asignarse en relación directa á puntuación acadada. En caso de que unha mesma entidade presente máis dun proxecto e sexan aceptados, a suma total de cantidades asignadas a elas tampouco poderá superar os 2.000 euros.

A contía de cada subvención poderá chegar até o 80% do custo da actividade.

Terceira. OBXECTO, FINALIDADE E CONDICIÓNS

3.1. O obxecto da convocatoria é a subvención de actuacións a asociacións e organizacións sen ánimo de lucro. Actuacións cuxa finalidade principal é estender o uso social da lingua galega no ámbito territorial do Concello de Vigo.

3.2. Actuacións que terán como finalidades:

Potenciar e difundir actividades tendentes a acadar maior e mellor coñecemento da lingua galega e da realidade sociolingüística galega en xeral e viguesa en particular.

Potenciar e difundir accións encamiñadas a ofertar novos espazos de uso para a lingua de noso.

Levar a cabo proxectos que permitan o desenvolvemento normal en lingua galega das e dos cidadáns vigueses.

Dinamizar o uso da lingua de noso entre as e os seus membros con proxectos que poidan estenderse ao resto de movementos asociativos.

3.3. Son condicións indispensábeis:

- a) *Demostrar o seu compromiso con este programa encamiñados a acadar a normalización do idioma na súa actividade.*
- b) *Ter como ámbito de actuación parte ou a totalidade do termo municipal.*

- c) *Que o conxunto de actividades para o que se solicita subvención, se leve a cabo no ano da convocatoria e a súa execución non supere o 30 de novembro do correspondente exercicio económico da convocatoria.*
- d) *Presentar a solicitude dentro do prazo estipulado na convocatoria.*
- e) *Acadar unha valoración global mínima de 12 puntos en total, xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a material non se axusta aos obxectivos da convocatoria.*

3.4. *Serán proxectos subvencionábeis aqueles incluídos nalgunha destas categorías:*

- a) *Galeguización permanente da entidade.*
- b) *Campañas de dinamización do uso da lingua no ámbito de actuación da entidade.*
- c) *Produción de materiais en galego que teñan como fin introducir ou estender o uso social da lingua no seu ámbito de actuación.*
- d) *Accións encamiñadas a fomentar o coñecemento da lingua.*

Non serán proxectos subvencionábeis aqueles que:

1. *Dupliquen as actividades organizadas polo propio Servizo de Normalización Lingüística.*
2. *Dupliquen os servizos ou actividades doutras administracións públicas ou mesmo privadas.*
3. *Inclúan no seu orzamento de gastos o mantemento ordinario da entidade solicitante, malia poderen incluír gastos de persoal contratado para un programa específico.*
4. *Supoñan actividades que teñan unha canle específica de subvención por parte doutros departamentos/área do Concello: deportes, educación, mocidade, turismo, cultura...*
5. *Teñan subscrito para a mesma finalidade un convenio convenio de colaboración ou contratación de servizos co Concello de Vigo, ou dispoñan de axuda doutras áreas do Concello de Vigo.*
6. *Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional ou incorran en calquera causa de inconstitucionalidade.*
7. *Inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.*
8. *Aquelas que en consideración ao proxecto non reúnen as condicións mínimas de interese xeral e non obteñan unha valoración global mínima de 12 puntos en total, xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a material non se axusta aos obxectivos da convocatoria.*

Cuarta. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A cada proxecto outorgaráselle até un máximo de 5 puntos por cada un dos apartados seguintes:

1. *Calidade das actuacións e adecuación nos obxectivos determinados na cláusula sexta destas bases.*
 - *calidade do proxecto: 0 a 2 puntos*
 - *por recoller o proxecto un ou máis obxectivos dos determinados na cláusula sexta: 1 punto por cada obxectivo recollido até un máximo de 3 puntos.*
2. *Incidencia en ámbitos en que o galego está pouco presente.*
 - *Ámbito de aplicación: 0-2 puntos (valoraranse aquelas actuacións que supoñan a apertura de novas canles de presenza da lingua galega na sociedade).*
 - *Número de beneficiarios: 0-2 puntos.*
 - *Participación de voluntariado: 0-1 puntos.*
3. *Proxectos que pidan ser desenvolvidos ao longo do tempo: 0-3 puntos; proxectos que poidan ser extrapolados a outros ámbitos e sectores coas adaptacións precisas: 0-2 puntos.*
4. *Difusión social do proxecto: publicidade: 0-1 puntos; material informativo: 0-1 puntos; material formativo: 0-2 puntos; outros: 0-1 puntos.*

O total do orzamento adicado ás axudas, dividido entre o número total de puntos adxudicados a todos os proxectos anuais, fixará o valor de cada punto. O valor equivalente a un punto, multiplicado polos puntos de cada proxecto, determinará a contía da subvención outorgada.

Quinta. PROCEDEMENTO

A concesión das subvencións será polo réxime de concorrencia competitiva.

Sexta. OBRIGAS

Os/as solicitantes de subvencións quedan obrigados/as a:

- a) *Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- b) *Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.*
- c) *Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- d) *Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor/a e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para s que se solicita a subvención.*
- e) *Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e ter ao día a súa documentación.*

- f) *Estar ao corrente nos pagamentos ao Concello de Vigo, así como das restantes obriga tributarias e coa Seguridade Social, de ser o caso.*
- g) *Ter xustificado, debidamente, aquelas axudas outorgadas polo Concello de Vigo no ano anterior.*
- h) *Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na solicitude e na documentación presentada.*
- i) *Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.*
- l) *Someterse ao seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención que estime procedente levar a cabo a Concellaría de normalización lingüística, segundo o disposto no artigo 46 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- m) *Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados, a participación da Concellaría de Normalización Lingüística, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.*
- n) *Comunicar a obtención de claquera outra subvención concedida para o mesmo proxecto.*

Sétima. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

As solicitudes deberán achegar a seguinte documentación:

- a) *Solicitude de subvención dirixida á Ilma. Sra. alcaldesa, segundo modelo normalizado (ANEXO I). Presentarase unha única solicitude para todos os proxectos solicitados.*
- b) *Certificación asinada polo/a secretario/a da entidade relativa:*
 - *Data do acordo da asemblea do órgano de dirección na que se decide solicitar subvención, e importes solicitados.*
 - *Outorgamento de autorización á persoa que representa a entidade na tramitación da subvención.*
- c) *Proxecto de actividades de dinamización da lingua para as que se solicita subvención (ANEXO II). Cómpre cubrir este anexo tantas veces (até un máximo de tres que é o máximo de proxectos por asociación) como proxectos se presenten.*

No(s) proxecto(s) aparecerá(n) claramente expostos: obxectivos, destinatarios/as, datas de realización, con indicación de se a actividade é permanente ou ten algún tipo de continuidade, descrición das actividades con indicación dos medios empregados, canles de difusión e orzamento total desagregado.

- d) *Fotocopia do CIF da persoa xurídica solicitante.*
- e) *Entidade bancaria: incluíra o/a titular (que deberá coincidir coa Asociación solicitante) o número de conta, nome da Entidade e enderezo completo.*

- f) *Certificación que acredite que a entidade solicitante está ao día nas obrigas tributarias con Facenda, ca Seguridade Social e con Concello, expedidas cunha antigüidade menor de seis meses. No caso de teren presentado xa a devandita documentación no concello, sempre e cando non caducase, chegará con facelo indicando a convocatoria e o departamento no que foi entregada. A/O solicitante autorizará ao SNL a que no seu nome solicite ao Departamento Municipal de Recadación estar ao corrente dos pagametos co Concello de Vigo.*

A documentación relativa ao proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo. Transcorrido o dito prazo, a administración municipal non virá obrigada a súa custodia.

O feito da presentación da solicitude suporá que a/o solicitante coñece e acepta estas bases da convocatoria.

Oitava. SOLICITUDE E PRAZOS

As solicitudes de subvención dirixiranse á Excm. Sra. Alcaldesa e presentaranse a través do Rexistro xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, mediante a presentación da solicitude de subvención, nos impresos normalizados.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende a súa publicidade no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Durante todo este período e co obxecto de garantir a igualdade de oportunidades e a concorrência, as bases serán publicadas nos medios de comunicación local e atoparanse expostas no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no Rexistro xeral, ademais de darlle cumprida publicidade á convocatoria na prensa local.

Novena. INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Servizo de Normalización Lingüística da Área de Asuntos Sociais.

Recibidas as solicitudes, procederase ao estudo desta e da documentación de debe de acompañalas. Se a solicitude, documentación e información presentada non reúne os requisitos esixidos nestas bases, o/a interesado/a será requirido/a para que no prazo de dez días, que se contarán dende a recepción da notificación, corrixa as faltas e achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, se desestimará a súa petición, que se arquivará sen máis trámites ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992. O SNL poderá pedir cantos informe estime necesarios para propor a resolución de subvencións.

Rematada a instrución do expediente, este será remitido á Comisión de Avaliación, integrada polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais que actuará como presidente, a técnica do Servizo de Normalización Lingüística e o asesor xurídico da Área.

A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes á que se refiren os apartados 3 e 4 da cláusula terceira e valorando as restantes solicitudes, conforme o establecido na cláusula décimo segunda.

Tras o informe e proposta da Comisión de Valoración, o SNL remitiralle á Xunta de Goberno local a proposta de resolución definitiva.

Correspóndelle á Xunta de Goberno Local ou a Alcaldía a resolución motivada da concesión das axudas ou desestimación do resto das solicitudes.

A resolución das solicitudes de subvenión será competencia da Xunta de Goberno Local ou da Alcaldía, unha vez realizados os informes e trámites preceptivos.

Décima. PRAZO DE RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

A Xunta de Goberno Local resolverá, de xeito motivado, a concesión ou desestimación das axudas solicitadas no prazo de catro meses, que contará dende a data de terminación do prazo de presentación das solicitudes.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme o previsto no art. 58 da Lei 30/1992 LRX-PAC.

Décimo primeira. REFORMULACIÓN DAS SOLICITUDES

Consonte co establecido no art. 27 da Lei xeral de subvencións, cando a subvención teña por obxecto o financiamento de actividades, e a proposta de resolución provisoria sexa inferior á solicitada, poderase reformular a solicitude para axustar os compromisos e as condicións á subvención outrogábel.

A reformulación deberá respectar o obxecto, as condicións e as finalidades determinadas na cláusula terceira destas bases.

Décimo segunda. RECURSOS

Contra as resolucións administrativas que se adopten en execución delas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestarse; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa (tras modificación dada pola Lei 19/2003, do 23 de decembro) no prazo de dous meses.

Asemade, contra a presente resolución tamén poderase interpoñer directamente o dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

Décimo terceira. MEDIO DE NOTIFICACIÓN

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme o previsto no art. 59 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As subvencións concedidas ao non acadaren os 3.000 euros expóranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello. De chegaren aos 3.000 euros publicaranse no BOP.

En ambos casos expresáranse o/a beneficiario/a, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

Ao ser, neste caso, o importe non superior aos 3.000 euros, abonda a súa publicidade no taboleiro de anuncios do Concello.

Décimo cuarta. PRAZO E XUSTIFICACIÓN

Os/as beneficiarios/as xustificarán a execución da proposta subvencionada nos 30 días hábiles seguintes á súa finalización, e en todo caso, antes do 15 de decembro do correspondente exercicio económico. De non cumprirse este requisito perderase o dereito a percibir a axuda.

A xustificación da subvención deberá facerse polo 100% do seu importe.

A xustificación de cada proxecto subvencionado efectuarse segundo o modelo normalizado, anexo III, que recollerá:

- a) *Solicitud de liquidación final.*
- b) *Memoria da execución do proxecto: descritiva do desenvolvemento e avaliación da activade, a cal deberá incluír como mínimo os seguintes datos:*
 - Sobre as e os participantes: números, perfil, participación...*
 - Explicación do desenvolvemento da actividade.*
 - Memoria de prensa, e de se ter editado material, dous exemplares de cada un deles. De non se ter editado cómpre especificar este extremo.*
- c) *Memoria de xustificación económica, composta por:*
 - Relación de ingresos e gastos.*
 - Relación das contías ingresadas por todos os conceptos (achegas doutros patrocinadores, subvencións, achegas de entidades beneficiarias...).*
 - Número de xustificante, factura, data, proveedor, CIF/NIF, concepto importe total, importe imputado, data de pago.*
 - Xustificantes dos gastos efectuados con cargo a axuda recibida, acreditados mediante facturas orixinais e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Neste sentido non se admitirán facturas duplicadas, nin aquelas que non reúnan as condicións esixidas do artigo 3 do R.d. 2402/1985, do 18 de decembro.*

Décimo quinta. PAGAMENTO

Para os efectos de pagamento da subvención polo Concello de Vigo, considerarase gasto realizado o que fose efectivamente acreditado con calquera documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na convocatoria e respondan á natureza da actividade subvencionada. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionábeis poderán ser superiores ao valor de mercado.

O pagamento da subvención efectuarase tras a xustificación, da realización da actividade e nos termos establecidos nestas bases, mediante transferencia bancaria.

Producirase de xeito automático, sen acordo expreso do órgano que autorizou as axudas, a perda do dereito ao cobro total no suposto de falta de xustificación en prazo.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e pago dela, procederá, por razóns debidamente motivadas, o dereito ao cobro parcial e redución proporcional da subvención, no caso:

- Non execución dalgunha das unidades do proxecto ou execución deficiente deste.*
- Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100% e maior do 50% do importe subvencionado.*
- Obtención de maior financiamento da prevista no proxecto,*
- Incumprimento das obrigas do beneficiario.*

No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do presuposto subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

A resolución-liquidación da axuda será competencia do concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais.

O pagamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria unha vez rematadas as actividades e/ou programas subvencionados, e tras a comprobación da veracidade da documentación requirida na base décimo primeira.

Unha vez que o Concello de Vigo notifique a contía e obxecto da subvención a entidade remitirá no prazo máximo de quince días a contar desde o día seguinte da data de notificación, a programación adaptada á contía de subvención percibida, indicando, para cada actividade:

-Calendario, horario e local de realización.

-Data de inauguración e/ou clausura do evento.

-Documento/s que se utilizará/n como xustificantes da subvención.

-Nome das persoas físicas ou xurídicas que impartirán as clases ou obradoiros, conferencias, titorías, adestramentos, probas, etc.

-Sempre que fose posíbel, deseño da propaganda a imprimir, para conformar polo Servizo de Normalización Lingüística, se non presentarse para conformidade de acordo co previsto no apartado i) da cláusula oitava destas mesmas bases. A tal fin entregarase cunha semana de antelación os modelos de convocatoria e outros impresos. A conformidade darase por escrito na marxe do documento antes da súa impresión.

Décimo sexta. INCIDENCIAS NA EXECUCIÓN NOS PROXECTOS

A aparición de eventualidades na execución do programa e/ou no orzamento da proposta realizada comunicarse no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se produzan; solicitarase asemade, de proceder, a modificación de concesión da presente subvención. Esta modificación realizarase sempre antes de que remate a execución da proposta subvencionada e, en ningún caso, suporá incremento na subvención.

No caso de que unha asociación non puidese, excepcionalmente, desenvolver algunha das actividades subvencionadas, poderáselle propor ao SNL o proxecto alternativo que se considere máis axeitado par ao destino do importe subvencionado.

Os cambios propostos serán debidamente razoados, e presentados con, cando menos, un mes de antelación a execución prevista. As propostas de cambio formuladas pola entidade, nunca se referirán a máis dun proxecto.

Os novos proxectos deberán cumprir as seguintes condicións:

- a) Enmarcharse dentro do programa e obxectivos previstos nestas bases.*
- b) Ser de igual nivel técnico que o proxecto o cal substitúe.*
- c) Ser presentados cumprindo as mesmas condicións e a mesma forma que o que establecen as bases.*

En calquera caso,s erá o SNL quen valore a excepcionalidade dos cambios e as razóns aducidas para iso, co obxecto de ser admitidos ou non, a trámite. O prazo de resolución da solicitude de modificación da concesión será dun mes que contará dende a súa entrada no Rexistro Xeral. Transcorrido o prazo sen resolución expresa entenderase estimada a solicitude.

Décimo sétima. COMPATIBILIDADE

A concesión de subvencións ao abeiro da presente convocatoria será compatíbel con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas, sempre que o seu importe global das mesmas non supere o custo total do programa ou actividade obxecto da subvención.

Décimo oitava. RENOVACION, RENUNCIA, REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR

1. Procede a revogación das subvencións concedidas en caso de:

- a) Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, así como a variación da finalidade da actuación, insuficiente xustificación do proxecto.*
- b) De se recibir outra subvención para o mesmo fin, de xeito que a totalidade da cantidade outorgada exceda do orzamento total do proxecto, a contía outorgada por esta administración reducirase na contía excedida dará lugar a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis.*

- c) *A non xustificación da subvención no prazo concedido.*
2. *O beneficiario poderá renunciar voluntariamente a subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.*
 3. *Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexerese polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no Título VI da Lei 30/1992, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e disposicións de desenvolvemento.*
 4. *As entidades beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás prescricións que en materia de control financeiro, reintegro e réxime sancionador por infraccións administrativas en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

Décimo novena. SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN

O Concello de Vigo, polos medios que estime oportunos e conforme a Lei xeral de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo os cales se concedeu a axuda.

Vixésima. DISPOSICIÓN FINAIS

1. *Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.*
2. *En todo aquilo non previsto na presente convocatoria estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicábeis en materia de subvencións.*
3. *A xustificación da subvención deberá realizarse polo 100% do seu importe.*
4. *As subvencións non son invocábeis como precedente. Non é, por tanto, esixíbel revisión, aumento ou anovación da subvención.*
5. *As subvencións non supoñen relación laboral ningunha.*
6. *Serán susceptíbeis de subvención os proxectos realizados no ano 2005.*
7. *O Servizo de Normalización Lingüística ten a facultade de interpretar as presentes bases.*

11(910).- SEGUNDA RENOVACIÓN DA CESIÓN EN USO DOS LOCAIS DO VIVEIRO DE ASOCIACIÓNS A FAVOR DO PLAN COMUNITARIO CASCO VELLO, ASOCIACIÓN GALEGA DE LUPUS(AGAL) E A ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA (AFAGA). EXPTE. 2500/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 30.06.05, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

No marco do programa municipal “Viveiro de Asociacións” situado dentro das instalacións do Centro Cívico do Barrio Histórico, na rúa Oliva 12, o Pleno do Concello de data 27.05.02, aprobou as bases do concurso para a autorización do uso e goce privativo de seis espazos dedicados a administración e xestión de entidades asociativas da cidade.

Por acordo da Comisión de Goberno de 03.03.03 aprobouse o outorgamento da autorización do uso dos espazos letras, “A”, “B” e “E”, as entidades “Plan Comunitario Casco Vello”, “Asociación Galega de Lupus (A.G.A.L)” e “Asociación de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias de Galicia (A.F.A.G.A)”, establecendo unhas cotas de coparticipación nos gastos correntes do inmovible de 731 €, 544€ e 1.381 € respectivamente.

Conforme o estipulado na cláusula 6º das bases que rexen para a concesión en uso destes espazos, o prazo de cesión renovarase anualmente cun prazo máximo de tres anos.

A tal fin, as entidades “Plan Comunitarios Casco Vello”, “Asociación Galega de Lupus (A.G.A.L)” e “Asociación de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias de Galicia (A.F.A.G.A)”, solicitaron por escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello -documentos 50125138, 50121672-50125339 e 50133379 respectivamente, a correspondente solicitude da segunda prórroga, achegando diversa información relativa á memoria de xestión e balance económico do pasado ano, así como programa de actividades e presuposto de gastos e ingresos do presente ano.

Asemade, devanditas entidades presentan certificados de atoparse ao corrente de débedas có Concello de Vigo, Axencia Estatal Administración Tributaria e Tesourería Territorial da Seguridade Social, e se atopan ó corrente da actualización de datos do rexistro municipal de asociacións.

Por todo isto, e de conformidade co establecido nas bases que rexen este concurso, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Conceder ás asociacións “Plan Comunitario Casco Vello”, CIF G-36790954, “Asociación Galega de Lupus”, CIF G-15614064 e “Asociación de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias de Galicia”, CIF G-36776920 a segunda prórroga por un ano e con efectos dende o día 21.05.05, a cesión en uso dos locais identificados como “A”, “B” e “E”, xunto cos seus bens mobles, sito no Viveiro de Asociacións do Centro Cívico do Barrio Histórico

2º.- Xirar respectivamente as entidades, a liquidación das cotas anuais de coparticipación nos gastos correntes do inmovible polo importe de 731 €, 544€ e 1.381 € respectivamente.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(911).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE DIFUSIÓN DO FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO “ARE MORE”. EXPTE. 9030/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a contratación da difusión do Festival de Música de Vigo “Are-More 2005”, asinado polo xefe do Departamento de Cultura o 20.06.05, o prego de cláusulas administrativas asinado polo xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 6.07.05; vistos os informes xurídicos de 10.07.05 e 20.07.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Patrimonio e Contratación do 6.07.05, conformado polo xefe da Área de Contratación, o concelleiro de Cultural e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 69.000 € para a prestación dos servizos de difusión do festival de música de Vigo “Are-More” 2005 que se imputarán á partida 451.0.226.02.00 dos presupostos do ano 2005.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas e técnicas para a prestación dos servizos de difusión do festival de música de Vigo “Are-More” 2005.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

13(912).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN EXPOSICIÓN E ACTIVIDADES DE DEPENDENCIAS DE CULTURA. EXPTE. 8859/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a contratación da prestación de servizos de atención ao público en exposicións e actividades en dependencias da Unidade de Cultura, asinado polo xefe de dita Unidade o 8.04.05, o prego de cláusulas administrativas asinado polo xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 12.05.05; vistos os informes xurídicos de 7.07.05 e 20.07.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Patrimonio e Contratación do 12.07.05, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 588.007,44 € para a prestación dos servizos de atención ao público en exposicións e actividades de dependencias da Unidade de Cultura que se imputarán á partida 451.0.227.06.14 dos presupostos dos anos 2005, 2005 e 2007.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas e técnicas para a prestación dos servizos de atención ao público en exposicións e actividades de dependencias da Unidade de Cultura.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

14(913).-ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE RECONSTRUCCIÓN DA PÉRGOLA DA RÚA JENARO DE LA FUENTE. EXPTE. 39422/250.

Antecedentes

Con data 13.06.05 a Xunta de Goberno local acordou seleccionar a MovexVial S.L. como licitados no procedemento restrinxido para a execución das obras de reconstrucción da pérgola da Jenaro de la Fuente.

A Mesa de Contratación en sesión do 27.06.05 procedeu á apertura da documentación presentada por MovexVial S.L. pasándoa a informe do servizo de Vías e Obras, que foi emitido polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras con data 8.07.05.

A Mesa de Contratación en sesión do 11.07.05, á vista do devandito informe do Servizo de Vías e Obras, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta de Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Movexvial, S.L. o concurso para a execución das obras de reconstrucción da Pérgola de Jenaro de la Fuente por un importe de 250.168,45 € y nos termos que contemplan os pregos que serviron de base para a súa adxudicación coas modificacións expresadas na oferta:

- Melloras de calidade estética e funcional contempladas na oferta.
- Prazo de execución 3 meses
- Prazo de garantía 2 anos.

15(914).-ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DO SANEAMENTO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 498/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 6.06.05, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Excluir da licitación, con respecto ao lote 1, a seguinte empresa polas causas que se citan:

a)Artel Ingenieros, S.L. por non presentar a clasificación esixida no sobre 1 de documentación administrativa.

2º.- Adxudicar o lote 1 das obras de mellora de saneamento do Concello de Vigo (automatización das instalacións de saneamento) a UniónTemporal de Empresas formada por ACT Sistemas, S.L. e Vimac,

S.A. por un importe de 1.198.038,52 euros. Todo iso de acordo co proxecto, prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 10-01-2005 e 07-02-2005 e a oferta presentada.

3º.- Excluir da licitación, con respecto ao lote 2, a seguinte empresas polas causas que se citan:

a)UTE Eiriña-Opain por considerar a súa proposta como temeraria.

4º.- Adxudicar o lote 2 das obras de mellora de saneamento do Concello de Vigo (saneamento da parroquia de Zamans) a empresa Conservación de Infraestructuras Urbanas, S.A. por un importe de 2.605.565,26 euros. Todo iso de acordo co proxecto, prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 10-01-2005 e 07-02-2005 e a oferta presentada.

16(915).-ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓNS DE DOUS ASCENSORES PARA O EDIFICIO DA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 10261/444.

Antecedentes

Con data 18.04.05 a Xunta de Goberno local aproba o expediente de contratación para a subministración e instalación de dous ascensores na Casa do Concello.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local o 10.06.05 certifica que durante o prazo sinalado nos anuncios publicado son DOG nº 93 e no BOP nº 98 de datas 16 e 24 de maio do presente ano respectivamente, presentáronse ás seguintes proposicións: 1) Schindler S.A.

A Mesa de Contratación en sesión realizada o 13.06.05 procedeu á apertura da documentación presentada, pasándoa a informe do servizo de Electromecánicos, que foi emitido polo enxeñeiro industrial municipal responsable do Servizo, con data 29.06.05.

A Mesa de Contratación en sesión realizada o 4.07.05, de conformidade coa proposta á vista do devandito informe do Servizo de Vías e Obras, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

1º.- Adxudicar a Schindler, S.A. o concurso para a subministración e instalación de dous ascensores na casa do Concello de Vigo por un importe 198.040,23 euros. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 18.04.05 e a oferta presentada.

2º.- A instalación debera comenazar polo ascensor que se atopa averiado e fóra de servizo. Unha vez instalado e posto en servizo este ,comenzará a instalación do segundo ascensor.

17(916).- SOLICITUDE DE DESCATALOGACIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO RAMAL R-1 MANUEL ALVAREZ. EXPTE. 17233/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral da Unidade de Patrimonio, do 11.07.05, conformado polo xefe de dita unidade, a Xunta de Goberno Local acorda:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locales (RBEL).*

ANTECEDENTES:

Don Juan José de Araujo Parada y Dona M^a Isabel Campo Alfonso presentan escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de xuño de 2000, solicitando a descatalogación do carácter público dunha franja de terreo da súa propiedade ubicada fronte as parcelas sitas nos 7 e 9 da Rúa Manuel Álvarez, que figura no Inventario Municipal de bens e dereitos como vial público, xa que existe discrepancia entre a superficie das mesmas que consta nas escrituras antigas e o levantamento catastral das fincas. Achega coa solicitude os planos e escrituras da súa propiedade.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entroutros, os seguintes trámites:

- *Informe do Arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 20 de novembro de 2000, que tras xirar visita de inspección, observa que “se trata dun acceso de terra a cinco ou seis fincas, sen ningún tipo de servizos urbanísticos” e que “non figura afectado polo viario do Plan Xeral vixente”.*
- *Informe do Arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 27 de febreiro de 2002, manifestando que “o calello obxecto do presente expediente figura grafiado na planimetría do Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado polo acordo plenario de data 4-5-93, e recollido nas súas fichas de características coa denominación Rúa Manuel Álvarez R-1, co inicio na Rúa Manuel Álvarez e remate en finca particular, con 37 metros de longo e 2, 50 metros de ancho, en mal estado, de terra, sen beirarrúas nin servizo de iluminación e con servizo de saneamento.*
- *Evacúase trámite de audiencia ós veciños colindantes, que non formulan alegacións.*
- *Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 28 de abril de 2005, manifestando que:*
 - a) No Inventario Municipal de bens e dereitos – viais, aprobado polo Pleno do 4 de maio de 1993, figura como público o ramal R – 1 Manuel Alvarez, co inicio na Rúa Manuel Álvarez e remate en finca particular, con 37 metros de longo e 2, 50 metros de anchura.*
 - b) Consultada a cartografía municipal do ano 69-Lecar, escala 1/200, apreciase a existencia do camiño.*

- c) *Na cartografía do ano 1985, escala 1/1000, apreciase a existencia do camiño, que da acceso a 5 vivendas.*
- d) *A propiedade actual en data 9 de abril de 2000, efectuou un acta de declaración de exceso de cabida nas 2 parcelas nº 7 e 9, marxen esquerda do dito ramal, incorporando o dito tramo de camiño á súa propiedade. Asímesmo, tramitou a súa alteración no catastro de urbana.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- Consonte o disposto no artigo 79.3 LBRL son bens de dominio público os destinados a uso ou servizo público, considerando o artigo 264 LALG e o artigo 3 RBEL como bens de uso público local, entoutros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuia conservación e policía sexan competencia da entidade local.

Segundo.- A franja de terreo obxecto de reclamación figura como camiño público no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, coa denominación ramal R – 1 Manuel Alvarez, resultando polo tanto un ben afecto ó uso público e, en su condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Terceiro.- Do informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 28 de abril de 2005, resulta que tanto na cartografía municipal do ano 69-Lecar como na cartografía do ano 1985 apréciase a existencia do camiño, que da acceso a 5 vivendas.

Cuarto.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens a Xunta de Goberno Local de acordo co disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local.

Polo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Desestimar a solicitude de Don Juan José de Araujo Parada e Dona M^a Isabel Campo Alfonso, de descatalogación do carácter público do ramal R – 1 Manuel Alvarez.

2º.- Dar traslado da resolución ó Catastro.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(917).-PROPOSTA PARA REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE REVISIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL. EXPTE. 17280/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 02.05.05, conformado pola xefa da Area de Réxime Interior e o concelleiro de Patrimonio, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar a Memoria dos traballos de revisión e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello, proposta polo xefe da unidade de Patrimonio.

2º.- Autorizar a realización dos traballos de revisión e actualización do inventario municipal de Bens e Dereitos do Concello de acordo coa memoria aprobada.

3º.- Adscribir ao persoal funcionario á que se fai mención na memoria ao equipo revisor para a realización dos traballos, como actividade extraordinaria, con dereito a percepción das cantidades que correspondan a cada un deles segundo ás liquidacións trimestrais que se aproben por este órgano.

4º.- Autorizar o gasto, por un importe de 136.000 euros, para facer fronte aos traballos revisorios, con cargo á partida orzamentaria 1210.15.00000, e co seguinte desglose por anualidades:

Exercicio 2005: 34.000 euros.

Exercicio 2006: 68.000 euros.

Exercicio 2007: 34.000 euros.

*TRABALLOS DE REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DO
CONCELLO.*

SUMARIO:

1.-INTRODUCCIÓN

2.-OBXECTIVO E FINALIDADE DOS TRABALLOS

3.-CONTIDO E ESTRUCTURA DO DOCUMENTO-INVENTARIO

4.-MEDIOS MATERIAIS E HUMANOS NECESARIOS

5.-COSTE ECONÓMICO ANUAL DOS TRABALLOS.

6.-PROCEDEMENTO LIQUIDATORIO

7.-PRAZO DE EXECUCIÓN

8.-PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS

9.-COMISIÓN DE CONTROL E SEGUIMIENTO.

1.- INTRODUCCIÓN

O Concello de Vigo aprobou no ano 1993 por acordo plenario de 4 de maio a revisión do Inventario Municipal de Bens e dereitos desta administración, con datos a efectos do 31 de decembro de 1991.

Coa devandita aprobación déronse por rematados os traballos revisorios feitos pola empresa VALTEC S.A adxudicataria do concurso público convocado ó efecto e polo que se acometeu de forma global a necesidade de dispoñer dunha ferramenta actualizada onde se reflectisen todas as propiedades atribuídas a esta administración, acometéndose os devanditos traballos dende unha perspectiva xeral comprensiva da totalidade dos epígrafes na que

se vertebra o inventario das entidades locais conforme a división prevista no Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Os traballos levados a cabo supuxeron no seu momento un importante avance para a configuración dun inventario xeral, se ben a falta da súa actualización continuada e permanente, como a existencia de imprecisións, erros ou documentación incompleta dos que adolecía, fai que este resulte obsoleto e pouco fiable, e polo tanto inadecuado como ferramenta básica de información e xestión do patrimonio do Concello.

A existencia de defectos ou omisións no contido do devandito inventario xa se coñecía e así se apuntaron nos antecedentes do propio acordo plenario do 4 de maio de 1993, podéndose entoutros enumerar os referentes ós dereitos reais (épigrafe 2), os bens de valor histórico artístico (non recollidos na súa totalidade), o mesmo o correspondente ás vías públicas que se incluían sen prexuízo das posteriores rectificacións que se puidesen efectuar en atención ás reclamación que se formularsen. Esta última cuestión resultou especialmente controvertida xa que nos últimos anos véñense formulando numerosas reclamacións ás vías inventariadas motivadas basicamente pola incidencia que ten desde o punto de vista urbanístico en relación ás fincas lindantes con elas, co conseguinte custo que isto orixina a esta administración coa súa tramitación.

Por outra banda, os traballos diarios de consulta e xestión que desde a aprobación do inventario se efectuaron desta unidade e demais servizos municipais, reflectiu que a realidade física e xurídica das propiedades non concordan, en moitos casos, cos datos que figuran nas fichas aprobadas, ou que os alí recollidos non dispoñen do soporte documental que o respalde, ou non teñen os datos mínimos necesarios para a súa utilización como fonte de información.

Se ó exposto o poñemos en relación co amplo período xa transcorrido desde a data a que se refiren os datos do inventario (31 de decembro de 1991), e o feito de que este debe ser un documento dinámico que require unha constante actualización derivada da xestión e actividade administrativa, resulta de escasa e limitada utilidade actualmente para os fins informativos e xestores para os que debe servir, requirindo igualmente unha adecuación ós cambios funcionais, competenciais e organizativos acadados por esta administración nos últimos anos coa creación de entidades públicas dotadas de personalidade xurídica e patrimonio propio, como é o caso máis significativo e relevante o da Xerencia Municipal de Urbanismo, a quen lle corresponde neste ámbito a constitución e xestión do patrimonio municipal do solo como inventario separado do xeral correspondente á entidade local da que depende.

Durante todo o período que vai desde a aprobación do inventario do 93 á actualidade fixéronse distintos intentos de acometer traballos revisorios do inventario, entoutros no ano 1994 por medio dun convenio de colaboración co colexio oficial de delineantes, da propia oficina municipal do inventario que rematou dando de alta varias propiedades do epigrafe 1, e finalmente a que se formulou como unha revisión global (salvo viais) do conxunto dos bens e dereitos municipais por medio da contratación dunha asistencia técnica coa empresa SOLOPLAN S.L., resolto finalmente o contrato por incumprimento desta.

Con estes antecedentes, fórmase agora un traballo revisor a realizar a traves dun equipo formado polo propio persoal municipal, como solución mais axeitada para alcanzar o fin último que non é outro que o de acadar un inventario municipal que reflecta a realidade patrimonial do Concello, estimándose este medio revisorio polo coñecemento e información que o propio persoal municipal ten tanto das propiedades como do funcionamento, competencias e actuacións da administración e dos seus servizos, a idónea neste momento para a súa realización.

2.- OBXECTIVO E FINALIDADE DOS TRABALLOS

O obxectivo básico e fundamental dos traballos a acometer é ter un coñecemento dos datos reais dos bens e dereitos pertencentes ó Concello nas suas vertentes técnicas, xurídicas e económicas, manifestándose nun documento actualizado (inventario), que constitúa unha ferramenta de información veraz do patrimonio municipal, que permita unha maior eficacia e garantía na xestión e protección do patrimonio público.

3.- CONTIDO E ESTRUCTURA DO DOCUMENTO-INVENTARIO

Partindo da propia estrutura que se contén no inventario municipal aprobado no ano 1993, que responde á establecida no Regulamento de Bens das Entidades Locais, prevese desenvolver os traballos seguindo a mesma ben centrada nos epígrafes: 1. - inmóbeis; 2.- dereitos reais e 8. - revertíbeis por dúas razóns basicamente, a súa maior relevancia en atención á natureza do seu obxecto, e incidencia na xestión e orzamentos do Concello, en cumprimento da obrigaón establecida na recente Lei de Patrimonio das Administracións Públicas de dispoñer ó menos dun inventario comprensivo dos epígrafes 1 e 2 polas entidades locais, o que vai a permitir así mesmo proceder á inscrición rexistral de todos os bens e dereitos pertencentes a esta administración no prazo dos cinco anos que a devandita lei outorga.

As correspondentes fichas de propiedades do inventario conterán e reflectirán a documentación e datos que esixe o regulamento de bens das entidades locais para cada un dos epígrafes obxecto de revisión.

4.- MEDIOS MATERIAS E HUMANOS NECESARIOS

Os medios materiais a autorizar para o desenvolvemento dos traballos serán os propios que dispoñen a unidade de patrimonio e demais unidades e servizos do Concello, sen prexuízo de que, chegado o caso e para necesidades puntuais e extraordinarias, se utilicen ou adquiran medios externos.

Os traballos executaranse por un equipo multidisciplinar estruturada de acordo co contido técnico, xurídico e administrativo que require a súa realización. Neste senso formaranse tres grupos ós que se adscribirá o persoal mais abaixo sinalado, de forma temporal para a realización dos traballos revisorios.

Equipo Xurídico:

Número de personas : 3

Titulación: Licenciados en Dereito

Funcionarios adscritos: Luís Rodríguez Cadarso, Beatriz Barbará Rodríguez, José Manuel Vieites Alén.

Equipo Técnico-Económico:

Nº persoas: 5

Titulación: Arquitecto Superior, Técnico Superior Intervención, Arquitecto Técnico, Delineante, Auxiliar Técnico

Funcionarios Adscritos: Luís Felipe Comesaña Arribas, Técnico Superior de Intervención, Aurelio Adán, Rafael Sanmartín, Santiago Cruz Pazó

Equipo Administrativo:

Nº Persoas: 2

Titulación: Administrativos

Funcionarios Adscritos: a designar entre o persoal da Unidade de Patrimonio

Este equipo multidisciplinar será o encargado da realización dos traballos, se ben resulta necesaria e imprescindible a colaboración e cooperación dos demais servizos municipais facilitando a información,

documentación e apoio técnico para unha axeitada execución dos mesmos, dada a relevancia e amplitude dos traballos que inciden sobre bens, dereitos e actividades desenvolvidas pola maioría doutras dependencias municipais, que dispoñen dos datos básicos para a correcta identificación e definición do patrimonio.

5.- CUSTO ECONÓMICO ANUAL DOS TRABALLOS E PROCEDIMENTO LIQUIDATORIO

Os traballos revisorios a efectuar polo persoal funcionario executaranse como encomenda de actividade extraordinaria, fora da xornada laboral e como unha prolongación desta, facéndose una estimación do custo económico total destes en función do volume de traballo a realizar (ó redor de 4000 propiedades e 4000 vías públicas), a repercusión dos traballos de contido xurídico, técnico-económico e administrativo no custo de cada ficha, así como da categoría do persoal adscrito, resultado de todo iso o seguinte cálculo:

Prezo ficha: 14 €

Porcentaxe do coste tarefas-ficha:	Tarefa xurídica:	38,37 %
	Tarefa técnica-económica:	50,00 %
	Tarefa administrativa:	11,63 %

PRESUPOSTO:

FASE 1: Inventario municipal epigrafe 1,2 e 8.

Custo anual:

4000 propiedades x 14 € =	56.000 €
Gastos Imprevistos =	<u>12.000 €</u>
<u>Total</u>	<u>68.000 €</u>

FASE 2: Inventario municipal viais.

Custo anual:

4000 propiedades x 14 € =	56.000 €
Gastos Imprevistos =	<u>12.000 €</u>
<u>Total</u>	<u>68.000 €</u>

Observacións:

- A cantidade para gastos imprevistos destinarase a aqueles traballos puntuais e debidamente xustificadas que sexan necesarios realizar polo persoal municipal doutros servizos e non integrantes do equipo revisor (exemplo.- informática, cartografía, Vías e obras, etc...).
- A cantidade fixada para viais non se efectúa polo número de viais-ficha senón en atención ó volume de traballo que se efectuará por parroquias, cubrindo os gastos de locomoción que se orixinen a toma de datos e a

información pública que se prevé facer polo propio persoal do equipo revisor en cada parroquia co gallo dos traballos.

6.- LIQUIDACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA:

En atención ó prazo estimado para o desenvolvemento dos traballos (dous anos), o primeiro ano para a execución da fase 1 e o segundo para a revisión de viais, levarase a cabo a liquidación e aboamento dos traballos do seguinte xeito:

FASE 1:

Liquidación trimestral: En función do número de propiedades revisadas e presentadas a aprobación provisional e liquidación á Xunta de Goberno Local, aboándose a cantidade resultante segundo o cálculo sinalado anteriormente e individualizado na súa contía entre o persoal do equipo revisor actuante.

FASE 2:

Liquidación trimestral: En función do número de parroquias revisadas e presentadas á súa aprobación provisional e liquidación á Xunta de Goberno Local, aboándose a cantidade resultante de dividir o custo total entre o número de parroquias en que se estructure o termo municipal, individualizándose na súa contía entre o persoal do equipo revisor actuante.

FASE 3:

Ó remate da totalidade dos traballos, someteranse á aprobación definitiva e liquidación do custo á Xunta de Goberno Local.

7.- PRAZO DE EXECUCIÓN

Os traballos revisorios prevense que abarquen dúas anualidades:

- *Unha primeira a iniciarse no mes de xuño de 2005 e remate en maio de 2006;*
- *Unha segunda que iría desde xuño de 2006 a maio de 2007.*

O prazo previsto permitiría acadar un novo inventario municipal de bens e dereitos que poida ser sometido a aprobación plenaria no mes de decembro de 2007.

8.- PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS E MEDIOS DE CONTROL

FASE 1: Revisión e actualización dos epigrafes 1, 2 e 8

Traballos preparatorios.

- *Adaptación do programa informático.*

- *Diseño do modelo de ficha de propiedade.*
- *Fixación das directrices de actuación e criterios técnicos, xurídicos e económicos a seguir.*
- *Habilitación conexión coa cartografía dixitalizada e o catastro.*
- *Captación da información dos distintos servizos municipais.*

Prazo: Un mes

Revisión e actualización de inventario do ano 1993.

- *Revisión das fichas de propiedade incluídas no inventario de 1993.*
- *Revisión da xestión patrimonial desde o 31/12/1991 ata 2005.*
- *Actualización dos datos económicos, xurídicos e técnicos ó 2005.*
- *Incorporación dos datos da ficha de propiedade a aprobar.*
- *Conformación da documentación básica-soporte de cada propiedade.*

Prazo: Dez meses

Reparación e revisión do documento final dos traballos

Prazo: Un mes

FASE 2: Viais públicos

A) Traballos Preparatorios.

- *Distribución do termo municipal en parroquias.*
- *Configuración dos equipos de traballo.*
- *Adscrición de parroquias ós equipos.*
- *Fixación das directrices da actuación e criterios a seguir.*
- *Captación da información dos servizos municipais (Vías e obras, Cartografía, Electromecánicos, etc...).*

Prazo: Un mes

B) Traballos Revisorios de viais por parroquias.

- *Selección e identificación das vías a revisar consonte ós criterios fixados.*
- *Comprobación, investigación e toma de datos das vías.*
- *Elaboración dun borrador proposta de viais municipais*
- *Sometemento a información veciñal do borrador.*
- *Exame das alegacións e propostas veciñais que se presenten.*
- *Concreción da proposta final das vías públicas*

Prazo: Dez meses

C) Preparación da documentación e planimetría das viais públicas

Prazo: Un mes.

MEDIOS DE CONTROL E COORDINACIÓN

Tendo en conta que os traballos a desenvolver na fase 1 como na 2 teñen un componente que se estrutura nunha parte xurídica, técnica e administrativa, establécense os seguintes medios de control e coordinación:

- ❖ Equipo xurídico: O seu control e coordinación efectuarase polo xefe da unidade de Patrimonio, que así mesmo exercerá as devanditas funcións sobre o conxunto do equipo revisor.
- ❖ Equipo técnico-económico: Coordinará e fará o seguimento dos seus traballos o titulado superior.
- ❖ Equipo administrativo: Será supervisado polo funcionario xurídico a que estea adscrito no equipo, e no seu defecto polo xefe da unidade.

9.- COMISIÓN DE CONTROL E SEGUIMIENTO DOS TRABALLOS REVISORIOS.

A fin de ter un coñecemento permanente do desenvolvemento dos traballos, levar a cabo a súa supervisión, resolver as cuestións que poidan formularse, coordinar as relacións e información entre o equipo revisor e os distintos servizos do Concello e a adoptar aquelas medidas e instrucións que se precisen para a boa marcha dos mesmos, créase unha comisión formada polos seguintes membros, que ademais do xa sinalado lle corresponderá a validación previa dos traballos e das liquidacións trimestrais que presente o equipo á aprobación da Xunta de Goberno Local, así como do documento final que resulte dos mesmos.

COMPOSICIÓN DA COMISION DE SEGUIMIENTO E CONTROL

Presidente: Concelleiro Delegado de Patrimonio
Secretario: Xefe da Unidade Patrimonio
Vocais: Xefa da Área de Rexime Interior
 Arquitecto Municipal de Patrimonio.
 Técnico de Intervención.

A Comisión reunirse coa periodicidade que estime conveniente e ó menos unha vez ó trimestre, e sempre con carácter previo e preceptivo para a validación dos traballos parciais e definitivos que o equipo revisor presente á aprobación da Xunta de Goberno Local.

19(918).- RECLAMACIÓNS DE DANOS:

a) MARÍA ISABEL UCHA RODRIGUEZ. EXPTE. 88/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, do 18.07.05, en relación coa reclamación de D^a M^a Isabel Ucha Rodríguez por danos sufridos

ao cair no paso de peóns na rúa Regueiro por mor dunha fochanca existente na calzada, a Xunta de Goberno local acorda:

Desestimar a reclamación de dona M^a Isabel Ucha Rodríguez por non corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

b) OLGA CRUZ REGUENGO. EXPTE. 410/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, do 14.07.05, en relación coa reclamación de D^a Olga Cruz Reguengo por danos sufridos ao cair na rúa Zaragoza, por mor do mal estado da calzada que estaba desnivelada con respecto á beirarrúa, a Xunta de Goberno local acorda:

Desestimar a reclamación de dona Olga Cruz Reguengo, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

c) ELISABETH VERÓNICA PÉREZ CASCO. EXPTE. 592/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, do 18.07.05, en relación coa reclamación de D^a Elisabeth Verónica Pérez Casco por danos sufridos ao cair na rúa Velazquez Moreno ao pisar unha tapa de rexistro que cedeu e desprazouse, a Xunta de Goberno local acorda:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Elizabeth Verónica Pérez Casco, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultar probada a conexión causal do accidente co funcionamento de ningún servizo público deste Concello.

d) CARLOS CARRACEDO COUSIÑO. EXPTE. 217/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado polo xefa de Réxime Interior, e o interventor xeral, do 28.06.05, en relación coa reclamación de D Carlos Carracedo Cousiño por danos sufridos no seu vehículo cando quedou atrapado na rúa Cañiza dentro dun charco de auga que o inundou chegando ata o teito, a Xunta de Goberno local acorda:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Carlos Carracedo Cousiño, e indemnizálo na contía de 1.481, 44 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo da súa propiedade

e) PETRA SÁNCHEZ BESTEIRO. EXPTE. 16440/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación , conformado pola xefa de Réxime Interior, do 02.05.05, en relación coa reclamación de D^a Petra Sánchez Besteiro por danos sufridos ao cair na rúa Policarpo Sanz, cando tropezou cunha lousa que se atopaba levantada; visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia do 16.06.05 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 29.06.05, conformado pola xefa de Réxime Interior e o Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Estimar a reclamación de dona Petra Sánchez Besteiro por corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, por resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público, e indemnizála coa cantidade de 972, 86 euros.

f) DELFÍN QUINTELA DIZ. EXPTE. 15809/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, do 07.07.05, e polo interventor xeral, en relación coa reclamación de D. Delfín Quintela González por danos sufridos no seu vehículo cando circulando pola rúa Coruña e impactou contra unha pedra de grandes dimensións pola noite, que estaba sen sinalizar, a Xunta de Goberno local acorda:

Estimar a reclamación de don Delfin Quintela Díz, indemnizándolle na contía de 536,56 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade.

g) FIDEL DÍEZ UDÍAS. EXPTE. 180/243. RESPONSABILIDADE CESPAS S.A. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, do 11.07.05, en relación coa reclamación de D Fidel Díez Udías, en nome e representación de Axa Aurora Ibérica de Seguros e Reaseguros e de D. Jesús María Louzao Boquete, por danos sufridos no vehículo do Sr. Louzao no vial Subida ó Cementerio de Puxeiros, cando estando estacionado caeulle sobre o mesmo unha pola dunha árbore, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. -Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Fidel Díez Udías presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación de Axa Aurora Ibérica de Seguros e Reaseguros e de don Jesús Maria Louzao Boquete.

2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Cespa S.A., empresa concesionaria do servizo de conformidade co establecido no corpo do informe, debendo dita empresa indemnizar ós reclamantes coas seguintes cuantías: 582,39 euros á aseguradora Axa e 180,31 euros a don Fidel Díez Udías, correspondentes ó importe aboado polos mesmos para reparar o vehículo.

h) DOLORES COELLO PÉREZ. EXPTE. 15767/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, do 07.07.05, en relación coa reclamación de D^a Dolores Coello Pérez por danos sufridos ao caer na rúa Rosalía de Castro cando ao baixar da beirarrúa esvarou e meteu o pé nun sumidoiro que non tiña reixa, a Xunta de Goberno local acorda:

Desestimar a reclamación de dona Dolores Coello Pérez, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultar probado o nexos causal entre o dano e o funcionamento dalgún servizo público deste Concello.

i) JAVIER LAGO GARZA. EXPTE. 64/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, do 08.07.05, en relación coa reclamación de D. Javier Lago Garza por danos sufridos no seu vehículo cando conducindo pola Avda. Castelao ao pasar enriba dunhas fochas no firme da calzada saltaron os airbags do vehículo, ocasionanadólle lesións, a Xunta de Goberno local acorda:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona M^a del Pilar Garza Carballo e don Javier Lago Garza ao non resultar probado o nexos causal entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

j) RAFAEL DELGADO TAPIAS. EXPTE. 15156/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, do 06.07.05, en relación coa reclamación de D. Rafael Delgado Tapias por danos sufridos ao caer na rúa Eduardo Iglesias debido ó mal estado da beirarrúa, xa que estaban a realizar obras de remodelación da mesma, a Xunta de Goberno local acorda:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don Rafael Delgado Tapias, por non corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

k) M^a CONCEPCIÓN MARTÍNEZ ÁLVAREZ. EXPTE. 348/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, do 07.07.05, en relación coa reclamación de D^a M^a Concepción Martínez Álvarez por danos sufridos ao cair na rúa Montero Ríos por mor dunhas lousetas levantadas, a Xunta de Goberno local acorda:

Desestimar a reclamación de dona M^a Concepción Martínez Álvarez, por non corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ao non resultar probado o nexo causal entre o dano e o funcionamento dalgún servizo público deste Concello.

20(919).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE “ASTILLEROS FRANCISCO CARDAMA, S.A.” POR IMPORTE DE 11.683,92 € POLO MANTEMENTO DO BUQUE MUNICIPAL “BERNARDO ALFAGEME” DURANTE OS MESES DE XANEIRO A ABRIL DE 2005. EXPTE. 2942/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 14.07.05, e de acordo co informe proposta do xefe de Patrimonio Histórico, do 22.06.05, conformado polo concelleiro de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Convalidar o gasto de 11.683,92 euros a favor da empresa “FRANCISCO CARDAMA, S.A.” (NIF A-36600849) polos traballos de mantemento básico do buque municipal “BERNARDO ALFAGEME”, atracado nos peiraos da citada entidade, durante os meses de xaneiro a abril do ano 2005, e segundo a súa factura nº 5.038 do 06/05/2005, presentada no Rexistro Xeral na data do 17/06/2005 (nº doc. 50131452).

2º.- Imputalo á partida 4531.2130001 mantemento do buque Bernardo Alfageme do vixente orzamento do 2005.

3º.- A imputación do gasto ós orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación ningunha para a realización de tódalas atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

21(920).-COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR PRESTAR SERVIZOS DE XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVICIO CEMITERIOS, CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO 2005. EXPTE. 15894/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 18.07.05, e de acordo co informe proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 12.07.05, conformado pola Alcaldesa, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase aos traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de XUÑO-2005, e que ascenden a un total de 894.45 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

22(921).-COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR PRESTAR SERVIZOS DE XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO VIAS E OBRAS, CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO 2005. EXPTE. 15895/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 18.07.05, e de acordo co informe proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 12.07.05, conformado pola Alcaldesa, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo de Vías e Obras, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Carlos Iglesias Ferreira e remata por dona M^a Nieves Quinteiro Vázquez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de MAIO-2005, e que ascenden a un total de 448.90 € (CATROCENTOS COARENTA E OITO EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

23(922).-COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL SERVIZO DESINFECCIÓN, CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO 2005. EXPTE. 15896/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 18.07.05, e de acordo co informe proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 12.07.05, conformado pola Alcaldesa, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Rogelio Rocha Álvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de XUÑO-2005 e que ascenden a un total 687'60 € (SEISCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

24(923).-COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DUN VEHÍCULO LIXEIRO MUNICIPAL, SEN SER OFICIAIS, DO PERSOAL DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, 2º TRIMESTRE 2005. EXPTE. 15897/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 18.07.05, e de acordo co informe proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 12.07.05, conformado pola Alcaldesa, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados polo sarxento do Servicio de Extinción de Incendios, don J. Manuel García González (nº persoal 10808) e polo administrativo, Don José Manuel González Ucha (nº persoal 17101), aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, as cantidades que figuran para cada un deles, por un importe total de 227.76 € (DOUSCENTOS VENDE E SETE EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS), correspondentes ó 2º trimestre de 2005 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

25(924).-PROPOSTA PARA CONCEDER AS XUBILACIÓNS POR INCAPACIDADE PERMANENTE NOS GRAOS DE GRAN INVALIDEZ E ABSOLUTA DOS FUNCIONARIOS D. ANGEL LAGO COSTAS E D. JOSÉ CARLOS ALFONSO FERNÁNDEZ. EXPTE. 15905/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta da xefa de Negociado da Unidade de Persoal, do 11.06.05, a Xunta de Goberno Local acorda:

Infomar favorablemente à Excma. Sra. Alcaldesa para CONCEDER as xubilacións por invalidez permanente no grao de gran invalidez ao funcionario integrado D. Angel Lago Costas (provisto del DNI nº 36.018.655-B, NASS-15/698088-52 e nº 14031 de productur), coa categoría profesional de oficial de mantemento (adscriito ao Dpto. de Benestar Social), causando baixa definitiva con efectos dende o día 28 de febreiro do 2005, e a invalidez permanente no grao de absoluta ao funcionario integrado tamén D. José Carlos Alfonso Fernández (provisto do DNI 35.784.780-T, NASS 36/425.547/28, e nº10955 de productur), coa categoría profesional de operario-peón (adscriito ao Servicio de Limpeza), causando baixa definitiva con efectos dende o día 30 de xuño do 2005, segundo resolucións do Instituto Nacional da Seguridade Social que se achegan no expediente.

26(925).-PROPOSTA DE INFORME FAVORABLE ÁS XUBILACIÓNS FORZOSAS DO ANO 2005. EXPTE. 15903/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta da xefa de Negociado da Unidade de Persoal, do 11.07.05, conformado polo Técnico de Xestión, a Xunta de Goberno Local acorda:

Informar favorablemente as xubilacións por idade dos funcionarios que de seguido se relacionan perante o ano 2005, de conformidade coa Disposición Transitoria Novena da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a Reforma da Lei da Función Pública:

-JOSÉ RODRÍGUEZ CALVO (nº 6250)-Xefe Règime Interior- el 25/2/2005
-J. RAÚL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (nº6528)-Policía Local- el 06/4/2005
-JOSÉ Mª RICHARD MARIN (nº 8190)-Enxeñeiro Técnico- el 06/4/2005
-RAMÓN GARCÍA BOTANA (nº 11541)-Oficial conductor- el 28/5/2005
-JORGE VILA ABALDE (nº 12894)-Bombeiro- el 12/5/2005
-ANGEL MACÍAS NÚÑEZ (nº 12470)-Policía Local- el 21/7/2005
-PRUDENCIO BARREIRO AMOR (nº 9432)-Axudante- el 25/8/2005
-Mª CARMEN PEREIRA MORA (nº 4357)-Administrativa- el 17/8/2005
-JESÚS MOLARES FERNÁNDEZ (nº 13238)-Oficial Conductor- el 09/9/2005
-CÉSAR RODRÍGUEZ SILVA (nº10323)-Policía Local- el 09/10/2005
-EMILIO GARCÍA RODRÍGUEZ (nº 8266)-Enxeñeiro Superior- el 29/10/2005

Quedan pendentes e condicionadas a petición persoal dos interesados da Prolongación da súa permanencia no servizo activo, por estar aínda dentro do prazo, os seguintes funcionarios:

-EMILIO PORTELA DOMÍNGUEZ (nº 13310)-Oficial de Oficios- el 17/10/2005
-ANA Mª HERRERO AMEIJERAS (nº 5440)-Xefa de Negociado- el 22/11/2005
-JOSÉ GUTIÉRREZ CARVAJALES (nº 10926)-Alguacil- el 08/12/2005.-”

27(930).-PROLONGACIÓN DA SITUACIÓN EN SERVICIO ACTIVO DE D. MIGUEL MIRANDA PAN. EXPTE. 15902/220.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude de prolongación da permanencia no servizo activo de D. Miguel Miranda Pan, de data 20.10.04, e de acordo co informe proposta da xefa de Negociado da Unidade de Persoal, do 11.07.05, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.-Acceder ao solicitado por D. Miguel Miranda Pan (Nº persoal 6899 e DNI 35200877-K), coa categoría profesional de Técnico de Admón. General, entendéndose xa estimada ao abeiro do establecido nos artºs 43 e concordantes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e en consecuencia declarar a prolongación da situación en servizo activo a partir do día 17 de febreiro do 2005, no que cumpriu 65 anos e sen que dita situación poida exceder do día 17 de febreiro do 2010.

2º.- Advertir ao interesado que contra a presente resolución poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición perante o órgano competente no prazo de un mes, que entenderase desestimado se transcorrese outro sen contestar; neste caso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza ou perante o Xulgado do Contencioso nos supostos

previstos no artº 8 da Lei 29/98, de 13 de Xullo, da xurisdición contencioso-administrativo, no prazo de dous meses.

Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente dito recurso contencioso-administrativo dentro do prazo indicado. En tódolos casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición enténdese desestimada.

28(931).-PROLONGACIÓN DA SITUACIÓN EN SERVICIO ACTIVO DE D. JULIO PEREIRA LÓPEZ. EXPTE. 15904/220.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude de prolongación da permanencia no servizo activo de D. Julio Pereira López, de data 13.07.05, e de acordo co informe proposta da xefa de Negociado da Unidade de Persoal, do 13.07.05, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.-Acceder ao solicitado por D. Julio Pereira López (Nº persoal 7730 e DNI 35.956.086-W), coa categoría profesional de administrativo de Admón. Xeral e, en consecuencia declarar a prolongación da situación en servizo activo a partir do día 23 de outubro do 2005, no que cumprirá 65 anos e sen que dita situación poida exceder do 23 de outubro do 2010, data tope en que cumprirá os 70 anos, poñendo así fin a súa situación de prolongación da permanencia no servizo activo.

2º.- Advertir ao interesado que contra a presente resolución poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición perante o órgano competente no prazo dun mes, que entenderase desestimado se transcorre outro sen contestarse; neste caso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza ou perante o Xuzgado do Contencioso nos supostos previstos no artº 8 da Lei 29/98, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativo, no prazo de dous meses.

Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente dito recurso contencioso-administrativo dentro do prazo indicado, en todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición enténdese desestimada.

29(932).-CORRECCIÓN ERRO NAS BASES DE SELECCIÓN QUE REXERÁN A PROVISIÓN DO POSTO VACANTE DE INTERVENTOR XERAL. EXPTE. 15870/220.

Antecedentes

A Xunta de Goberno local con data 4.07.05 aprobou as seguintes “Bases para a provisión do posto de Interventor xeral do Concello de Vigo, polo sistema de libre designación”:

Primeira.- Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto rexe-la convocatoria para cubrir polo sistema de libre designación previsto no art. 99.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, art. 27 e seguintes do Rd 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, segundo redacción dada polo Rd 831/2003, de 27 de xuño, o posto de Interventor Xeral reservado a funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional de interventor xeral, clase primeira, categoría superior

Segunda.- Características do posto

O posto a cubrir atópase incluído na relación de postos de traballo aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 30 de maio de 2005, e a súa provisión mediante forma de libre designación.

O complemento de destino asignado é o correspondente ó nivel 30.

O complemento específico anual fixado para o posto é de 44.880,5 €.

Terceira.- Requisitos dos aspirantes

Será requisito indispensable para concorrer á convocatoria e poder desenvolve-lo posto no caso de ser nomeado o estar integrado na escala de habilitación nacional, subescala Intervención-Tesourería, categoría superior. A titulación esixida é licenciado en dereito, ciencias económicas ou empresariais.

Non poderán concorrer a convocatoria os funcionarios que se atopen nas situacións previstas no art. 18.3 do Rd 1732/1994, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

En consideración a natureza do sistema de provisión, o nomeamento realizarase discrecionalmente pola Alcaldía en atención os méritos libremente aportados polos candidatos, podendo declararse deserta a convocatoria se así o considerase oportuno. Non obstante, terase en especial consideración a experiencia noutros postos de traballo de similares características.

Cuarta.- Convocatoria

A convocatoria será remitida pola Alcaldía-Presidencia á Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local da Xunta de Galicia para a súa íntegra publicación no Diario Oficial de Galicia e remisión o Ministerio para as Administracións Públicas para que no prazo máximo de 10 días este dispoña a súa publicación, en extracto no Boletín Oficial do Estado.

Quinta.- Solicitudes

As solicitudes para participar na presente convocatoria presentaránse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou nas oficinas previstas no art. 38.4º da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, dentro dos 15 días naturais seguintes á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Ademais do contido mínimo previsto no art. 70.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, na solicitude deberá indicarse número de rexistro persoal, a situación administrativa na que se atope o solicitante, así como o seu destino.

Xunto coa solicitude, os aspirantes achegarán o seu curriculum vitae, no que constarán os títulos académicos, os anos de servicios, os postos de traballo desempeñados na administración, estudos e cursos realizados, coñecemento da lingua propia da Comunidade Autónoma, que deberá acreditar mediante certificación ou copia compulsada dos méritos que aleguen. Asímesmo presentarán declaración xurada de reuni-los requisitos legais para participar na presente convocatoria, así como outros méritos que crean oportuno poñer de manifesto, especificando cando menos os apartados recollidos no modelo de solicitude que figura como Anexo II destas bases.

Sexta.- Nomeamento.

Finalizado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía-Presidencia procederá, no seu caso, a dictar a resolución correspondente no prazo de un mes.

Da resolución, que se motivará facendo constar o cumprimento por parte do candidato/a elixido/a, dos requisitos e especificacións esixidos nestas bases darase conta o Pleno do Concello e traslado á Consellería Xustiza, Interior e Administración Local e a Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio para as Administracións Públicas, para a súa anotación e publicación no Boletín Oficial do Estado.

Setima.- Toma de posesión.

O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles, se o destino anterior radica na mesma localidade ca do novo destino, e dun mes, se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ó servicio activo do funcionario/a. Este prazo empezase a contar a partir do día seguinte ó do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días hábiles seguintes ó da publicación da resolución desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Oitava.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición perante o Alcalde Presidente do Concello de Vigo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/92, de 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/99, de 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partires da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdiccción contencioso administrativa.

Con data 20.07.05, o técnico de Organización do Servizo de Persoal emite o seguinte informe-proposta á Xunta de Goberno local:

Observado erro nas bases de selección que rexerán a provisión do posto vacante de Interventor Xeral, polo sistema de libre designación, aprobado pola Xunta de Goberno Local 4 de xullo actual, procédese a súa corrección.

No anexo I das ditas bases e, concretamente na “terceira.- Requisitos dos aspirantes”, no parágrafo primeiro, derradeira liña, onde dí: A titulación esixida é licenciado en, debe dicir: “A titulación esixida é licenciado/a en administración e dirección de empresas, licenciado/a en económicas ou licenciado/a en ciencias actuariais e financeiras.”

Así mesmo, no segundo parágrafo, onde se citan as situación previstas no art. 18.3, a continuación, debe dicir “... a), b) e c) do Rd”.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe acorda correxir os erros detectados, quedando as “Bases para a provisión do posto de Interventor xeral do Concello de Vigo, polo sistema de libre designación”, redactadas do seguinte xeito:

Primeira.- Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto rexe-la convocatoria para cubrir polo sistema de libre designación previsto no art. 99.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, art. 27 e seguintes do Rd 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, segundo redacción dada polo Rd 831/2003, de 27 de xuño, o posto de Interventor Xeral reservado a funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional de interventor xeral, clase primeira, categoría superior

Segunda.- Características do posto

O posto a cubrir atópase incluído na relación de postos de traballo aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 30 de maio de 2005, e a súa provisión mediante forma de libre designación.

O complemento de destino asignado é o correspondente ó nivel 30.

O complemento específico anual fixado para o posto é de 44.880,5 €.

Terceira.- Requisitos dos aspirantes

Será requisito indispensable para concorrer á convocatoria e poder desenvolver-lo posto no caso de ser nomeado o estar integrado na escala de habilitación nacional, subescala Intervención-Tesourería, categoría superior. A titulación esixida é licenciado/a en administración e dirección de empresas, licenciado/a en económicas ou licenciado/a en ciencias actuariais e financeiras.

Non poderán concorrer á convocatoria os funcionarios que se atopen nas situacións previstas no art. 18.3 a) b) e c) do Rd 1732/1994, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

En consideración a natureza do sistema de provisión, o nomeamento realizarase discrecionalmente pola Alcaldía en atención os méritos libremente aportados polos candidatos, podendo declararse deserta a convocatoria se así o considerase oportuno. Non obstante, terase en especial consideración a experiencia noutros postos de traballo de similares características.

Cuarta.- Convocatoria

A convocatoria será remitida pola Alcaldía-Presidencia á Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local da Xunta de Galicia para a súa íntegra publicación no Diario Oficial de Galicia e remisión o Ministerio para as Administracións Públicas para que no prazo máximo de 10 días este dispoña a súa publicación, en extracto no Boletín Oficial do Estado.

Quinta.- Solicitudes

As solicitudes para participar na presente convocatoria presentaránse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou nas oficinas previstas no art. 38.4º da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das

administración públicas e procedemento administrativo común, dentro dos 15 días naturais seguintes á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Ademais do contido mínimo previsto no art. 70.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, na solicitude deberá indicarse número de rexistro persoal, a situación administrativa na que se atope o solicitante, así como o seu destino.

Xunto coa solicitude, os aspirantes achegarán o seu curriculum vitae, no que constarán os títulos académicos, os anos de servicios, os postos de traballo desempeñados na administración, estudos e cursos realizados, coñecemento da lingua propia da Comunidade Autónoma, que deberá acreditar mediante certificación ou copia compulsada dos méritos que aleguen. Asímesmo presentarán declaración xurada de reuni-los requisitos legais para participar na presente convocatoria, así como outros méritos que crean oportuno poñer de manifesto, especificando cando menos os apartados recollidos no modelo de solicitude que figura como Anexo II destas bases.

Sexta.- Nomeamento.

Finalizado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía-Presidencia procederá, no seu caso, a dictar a resolución correspondente no prazo de un mes.

Da resolución, que se motivará facendo constar o cumprimento por parte do candidato/a elixido/a, dos requisitos e especificacións esixidos nestas bases darase conta o Pleno do Concello e traslado á Consellería Xustiza, Interior e Administración Local e a Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio para as Administracións Públicas, para a súa anotación e publicación no Boletín Oficial do Estado.

Setima.- Toma de posesión.

O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles, se o destino anterior radica na mesma localidade ca do novo destino, e dun mes, se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ó servizo activo do funcionario/a. Este prazo empezase a contar a partir do día seguinte ó do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días hábiles seguintes ó da publicación da resolución desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Oitava.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición perante o Alcalde Presidente do Concello de Vigo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/92, de 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/99, de 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partires da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa.

30(933).- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN EN SITUACIÓN DE SERVIZOS ESPECIAIS DA FUNCIONARIA D^a YOLANDA AGUIAR CASTRO. EXPTE. 15909/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do técnico de Xestión da Unidade de Persoal, do 21.07.05, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Declarar en situación de servizos especiais á funcionaria, técnico medio de relacións públicas deste concello, D^a Yolanda Aguiar Castro, (núm. persoal 19258), con efectos económicos e

administrativos dende o día 20 de xullo de 2005, polo desempeño do cargo público de “Directora do Gabinete Técnico da Presidencia do Parlamento de Galicia”, segundo o disposto no art. 29.2 da lei de medidas para a reforma da función pública, en concordancia cos artigos 4 e seguintes do Rd 365/95, de 10 de marzo, sobre situacións administrativas dos funcionarios civís da administración xeral do Estado.

A declaración desta situación administrativa comportará a reserva da praza e destino da funcionaria.

Así mesmo, computaráselle o tempo que permaneza en dita situación a efectos de trienios, ascensos, dereitos pasivos e consolidación do grao.

Durante o tempo de permanencia nesta situación administrativa, a funcionaria non percibirá as retribucións do posto de traballo reservado nesta administración.

2º.- O reingreso ó servizo activo, deberá ser solicitado no prazo dun mes a contar dende a data que se produza o cese no cargo público para o que foi concedida a situación de servizos especiais. Noutro caso, decretarase, sen máis trámite, a declaración de excedencia voluntaria por interese particular, cos efectos legais que esta situación comportaría.

3º.- A presente resolución quedará condicionada a que a interesada presente, a súa toma de posesión no novo cargo, no prazo de dez días hábiles seguintes a contar dende a data na que se produce o pase a esta situación.

31(934).-PRÓRROGA DE CONTRATO DE ALUGUER DE MAQUINARIA CON OPERADOR, POLO PERÍODO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS CON SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A. EXPTE. 42363/250.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe proposta do xefe de Administración de Vías e Obras, do 14.06.05, conformado polo asesor xurídico da Area de Servizos Xerais, e o concelleiro delegado da Area de Servizos Xerais e o interventor xeral, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 27/12/2004 acordou adxudicar a Sercoysa Proyectos y Obras, S.A. o concurso para a contratación do aluguer de maquinaria con operador para o servizo de Vías e Obras por un importe de 108.000,00 €, e cunha baixa respecto dos prezos unitarios do 7,00 % . Todo isto dacordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de outubro de 2004 e a oferta presentada.

Con data 1 de febreiro de 2005 o Alcalde- Presidente do Concello de Vigo asinou o contrato de aluguer de maquinaria para o servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo con Seroyssa Galicia, S.A. de acordo coas condicións da adxudicación de dito aluguer .

O prego aprobado, na súa clausula III.- PRAZOS DO CONTRATO di que o contrato terá vixencia de seis meses contados dende a data de sinatura do contrato en documento administrativo, e rematando ese período poderase prorrogar, por outro período similar, previo acordo expreso do Órgano de contratación.

Con data 16 de maio de 2005 o técnico do taller de Vías e Obras emite un informe sobre a necesidade de seguir co aluguer da maquinaria polo Servicio para o normal funcionamento das brigadas de traballo de mantemento e conservación de camiños e outras vías públicas para o ano 2005, indicando en dito informe a necesidade de prorrogalo contrato vixente que o Concello ten asinado con Sercocysa Galicia, S.A. a tal efecto.

Por iso, este servicio de Vías e Obras, faille á Xunta de Goberno Municipal a seguinte proposta:

1º.- Prorrogar o contrato de aluguer de maquinaria para o servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo con Sercocysa Galicia, S.A. por seis meses nas mesmas condicións que figuran no contrato existente por un importe de 108.000,00 €

2º.- Financiar o contrato con cargo a partida 5110.203.00.00 “ aluguer de maquinaria ” do presuposto do 2005 do Servicio de Vías e Obras.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(935).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS

Examinados os xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local acorda aprobar a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAV.
BALLESTA DE DIEGO JOSE	0523417	18.711,96	18.711,96		
“	0510688	400,00	400,00		
CARNEIRO MENIÑO PILAR	0518734	182,88	171,48	11,40	
“	0518735	286,68	269,98	16,71	
“	0518732	120,00	120,00		
CASTILLO MARTIN DEL CARMELO	0523423	3.000,00	2.885,62	114,38	
CEA NOGUEIRA XOSE LOIS	0522218	480,00	480,00		
ESPADA RE CAREY LUIS	0513239	1.000,00	805,36	194,64	
“	0513243	1.000,00	442,15	557,85	
“	0526933	12.000,00	12.000,00		
FERNANDEZ FERNANDEZ PAZ	0503291	1.000,00	982,23	17,77	
GOMEZ GARCIA CRISTINA	0526103	700,00	413,20	286,80	
GOMEZ OURO BEATRIZ	0526326	84,00	84,00		
GONZALEZ RODRIGUEZ JOSE	0526246	781,32	781,32		
GONZALEZ UCHA JOSE MANUEL	0503992	1.000,00	821,41	175,59	
MOURELLE GONZALEZ FRANCISCO	0505163	500,00	487,73	12,27	
NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAV.
LOPEZ MOURE JESUS	0523170	20.880,00	20.880,00		
SANLUIS COSTAS AVELINO	0529464	7.656,00	7.656,00		
SOUTO GONZALEZ MARTA	0529891	90,00	90,00		
TOTAL			68.482,44		

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

33(936).- DAR CONTA DO INFORME SOLICITADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 18.07.05 A AQUALIA, SOBRE A POSIBILIDADE DE ABASTECIMENTO DE AUGA A CONCELLOS LIMÍTROFES.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do devandito informe, que di o como se transcribe de seguido:

En constestación á solicitude da Xunta de Goberno local dese Excmo. Concello, de informe relativo á posibilidade real de atender as peticións de aumento de caudal cursadas polos concellos limítrofes, sen menoscabo algún do mantemento do servizo no termo municipal de Vigo, temos que manifestar o seguinte:

1.-Nos derradeiros meses, producíronse, de forma oficial ou non, as seguintes peticións de subministración a puntos externos ao termo municipal de Vigo:

- *Salceda de Caselas: sen determinar a contía..*
- *Baiona: 30 l/s*
- *Redondela 60 l/s*
- *Gondomar 30 l/s*
- *Cangas e Moaña (2º liña de abastecemento) sen determinar a coantía*

Igualmente, producíronse as seguintes necesidades de subministración de auga dentro do termo municipal de Vigo:

- *.Abastecemento ao Parque Tenolóxico 100 l/s*
- *.Abastecemento ao Pau de Navia 50 l/s*
- *.Universidade de Vigo, complementación*
- *e substitución de mananciales de Beade e outros 50 l/s*

2.- Adxuntase, como anexo a este escrito, Cadro comparativo de consumos de Eiras, no que se pode comprobar un incremento dende 2003 do 17% nos meses de xuño e xullo, estando en xullo, no que va de mes, bordeando os 1.500 l/s, que é a concesión de Vigo.

Considerando un caudal medio de xuño e xullo de 1.462,5 l/s- que supón 126.360 m3/día- e posto que actualmente temos unha capacidade dispoñible en Eiras de 18,9 Hm3, resultaría cas reservas para Vigo e seu entorno xeográfico, a día de hoxe, alcanzarían a 150 días, aproximadamente.

3.- Se estimamos as demandas externas e o crecemento para os próximos anos (a corto prazo) en 200 l/s, e as propias de Vigo, tamén a corto prazo, en outros 200 l/s, o consumo de verán situaríase en 160.920 m³/día, e supoñendo ademais, unhas reservas similares as deste ano (nivel de reservas “excelente” para a data actual), conclúese, cas reservas de auga reduciranse de 150 días a 117 días.

4.- O Avance do Plan Director de Abastecemento de Vigo e a súa área de influencia, solicitado polo Concello de Vigo a esta concesionaria redactado no ano 2003, xa contemplaba as demandas descritas e anticipabase ás mesmas trasladando a necesidade de contar con outra Presa para o abastecemento, ao marxe doutra serie de inversións. E por iso, que consideramos o incremento das demandas existentes debería contemprar actuacións para aumentar as reservas.

CAUDAIS MEDIOS SAIDA EIRAS XANEIRO/XULLO 2003-2005							
	ENE	FEB	MAR	ABR	MAY	JUN	JUL
2003	956	1018	1058	1040	1175	1249	1251
2004	1121	1152	1133	1151	1221	1330	1380
2005	1199	1261	1251	1276	1291	1459	1466

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do precedente informe.

34(937).- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO NO CONCELLEIRO SR. FIGUEROA VILA, EN RELACIÓN COS SERVIZOS DA POLICÍA LOCAL E EXTINCIÓN DE INCENDIOS. Expte. 15907/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de recursos humanos, do 19.07.05, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2005, aprobou o Acordo sobre xornadas de reforzo para a policía local para o ano 2005, según o seguinte texto:

1º.-Aprobar o programa de reforzos para a Policía local de Vigo que a continuación se transcribe:

ACORDO SOBRE XORNADAS DE REFORZOS PARA A POLICÍA LOCAL PARA O ANO 2005.

PRIMEIRA.- Obxecto, ámbito de aplicación e período de vixencia.

O presente acordo ten por obxecto autoriza-la realización por parte do persoal de cadro da Policía Local, dun total de 10 xornadas adicionais respecto das legalmente previstas, cunha duración cada unha delas de oito (8) horas.

Ditas xornadas realizaránse en todo caso entre o 1 de xuño e o 31 de decembro.

O custo total do programa non poderá exceder, en ningún caso, de 652.380,70€.

SEGUNDA.- Voluntariedade

A realización das xornadas adicionais ten carácter voluntario.

Unha vez adscritos o programa, os interesados veñen obrigados o seu exacto cumprimento nos termos previstos no presente acordo.

TERCEIRA.- Ámbito subxectivo de aplicación.

O persoal acollido o programa será o que se contén no informe do Xefe da Policía Local, de data 08 de xuño, anexo o expediente e no que se relacionan un total de 295 funcionarios segundo as categorías profesionais que se citan a continuación:

<i>Axente:</i>	<i>260</i>
<i>Cabo:</i>	<i>20</i>
<i>Sarxento:</i>	<i>11</i>
<i>Suboficial:</i>	<i>4</i>

CUARTA.- Retribucións.

As xornadas de reforzo serán retribuídas en concepto de produtividade.

O importe de cada xornada será, segundo as categorías profesionais, o seguinte:

<i>1º.- Axente:</i>	<i>174.78€</i>
<i>2º.- Cabo:</i>	<i>180.85€</i>
<i>3º.- Sarxento:</i>	<i>224.65€</i>
<i>4º.- Suboficial:</i>	<i>233.10€</i>

Estas retribucións devengaránse cunha periodicidade mensual, co seguinte importe segundo a categoría profesional:

<i>1º.- Axente:</i>	<i>291,30€</i>
<i>2º.- Cabo:</i>	<i>301,42€</i>
<i>3º.- Sarxento:</i>	<i>374,42€</i>
<i>4º.- Suboficial:</i>	<i>388,50€</i>

A primeira mensualidade percibiráse na nómina do mes de xullo de 2005, e a última no mes de xaneiro de 2006.

No mes correspondente o disfrute das vacacións regulamentarias dos interesados, non se percibirá retribución ningunha por este concepto, circunstancia que se reflexará na correspondente incidencia de nómina con carácter mensual.

QUINTA.- Reintegro do indebidamente percibido e exclusión do programa.

No caso de non realizar alguna das xornadas previstas polo servizo, por causa non xustificada, o interesado será excluído do programa de disonibilidade, e ademáis procederáse no seu caso o reintegro de haberes da produtividade segundo o disposto na seguinte fórmula:

“O reintegro de haberes no programa de disponibilidad consistirá na redución das retribucións fixas e periódicas percibidas polos interesados, na cantidade que resulte de deducir o indebidamente percibido polas xornadas non realizadas sen causa xustificada.

A tal efecto, o Xefe da Policía local emitirá informe o Sr. Concelleiro-Delegado de Mobilidade e Seguridade, quen a súa vez propondrá o Sr. Concelleiro de Persoal a dedución de haberes que corresponda, así como a exclusión do programa dos afectados”.

SEXTA.- ILT por continxencias comúns.

Nas situacións de incapacidade laboral transitoria por continxencias comúns, sempre que excedan de 30 días continuados, os interesados deixarán de perceber as retribucións correspondentes ás xornadas do período de baixa, que en ningún caso terán o carácter de recuperables, debendo constar así expresamente na memoria do programa a que se refire a cláusula decimocuarta.

Se a baixa ten unha duración inferior, o/a interesado/a terá que recuperar as xornadas perdidas no momento e na forma en que o acorde a Xefatura do Servizo, dentro do límite máximo do 31 de decembro de 2005, e no caso de non atender o requerimento quedará excluído/a do programa, sen prexuízo dos dereitos devengados até dito momento.

SÉTIMA.- Imposibilidade de continuar prestando a xornada de reforzo.

No caso de que durante a prestación dalgunha das xornadas extraordinarias, o funcionario/a sufra algunha continxencia no seu estado de saúde que lle impida a continuación da prestación do servizo, deberá presentar xustificación oficial mediante o documento P-10 ou parte de ILT, entendéndose realizada toda a xornada cando a continxencia teña ocorrido unha vez superadas as 4 horas desde o comenzo da mesa. Noutro caso, o interesado/a poderá recuperar as catro horas no momento en que se lle indique pola Xefatura do Servizo, sen prexuízo do seu dereito a perceber a cantidade correspondente a metade da xornada efectivamente realizada.

OITAVA.- Límites

As xornadas de reforzo non poderán realizarse en ningún caso durante o período de vacacións do interesado/a.

Doutra banda, os/as interesados/as, previa comunicación a Xefatura, poderán intercambiar os seus días de disponibilidad por interese particular, sempre que se trata de funcionarios/as da mesma categoría.

NOVENA.- Exceso na duración das xornadas extraordinarias.

No caso excepcional de que a xornada exceda das oito horas, a diferenza aboarase segundo os seguintes parámetros:

<i>Axente:</i>	<i>21,84€/h</i>
<i>Cabo:</i>	<i>22,60€/h</i>
<i>Sarxento:</i>	<i>28,08€/h</i>
<i>Suboficial:</i>	<i>29,13€/h.</i>

DÉCIMA.- Exclusividade retributiva

As xornadas extraordinarias non devengarán concepto retributivo algún distinto dos expresados no presente Acordo. En particular, non devengarán os pluses de nocturnidade e festividade.

DÉCIMO-PRIMEIRA.- Permisos oficiais e xornadas de reforzo.

No caso de coincidir no día sinalado para a realización dunha xornada de reforzo, un permiso oficial do interesado/a segundo a normativa vixente, éste terá que recuperar a xornada no momento e na forma acordada pola Xefatura do Servicio.

DÉCIMO-SEGUNDA.- Circunstancias de execución.

1º.- Corresponde o Xefe da Policía organizar a prestación das xornadas extraordinarias, consonte o contido do documento asinado coas centrais sindicais de data 12 de maio de 2005, sobre "cláusulas de disponibilidad horaria", que se acepta en canto no resulte contradictorio co disposto no presente acordo.

2º.- En calquera caso os interesados deberán efectuar un mínimo dunha xornada por mes.

DÉCIMO-TERCEIRA.- Participación do Persoal.

Co fin de garantir o correcto cumprimento por amba-las dúas partes das cláusulas do presente acordo e as súas vicisitudes, constitúese unha Comisión integrada por un representante de cada sindicato do comité de empresa; o concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, o Xefe do Corpo e un funcionario/a que fará as veces de secretario. En cada reunión levantarase acta con contido dos asuntos tratados e, no seu caso, dos acordos acadados.

DECIMO-CUARTA.- Memoria do programa

Na primeira semana do mes de decembro, o Xefe da Policía Local remitirá a Xunta de Goberno local memoria explicativa do grado de execución e cumprimento dos obxectivos previstos no programa de reforzos que se aproba.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.- Ampliación das xornadas de reforzo

Nembargantes o disposto na cláusula primeira en canto o obxecto do programa, e respetando en calquera caso o custo máximo e o período de execución previsto na mesma, autorízase a realización dun máximo de dous xornadas de reforzo máis por cada funcionario/a acoillido o programa, até un total de 12, sempre que a súa necesidade sea apreciada polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a instancia do Xefe do Corpo.

DISPOSICIÓN FINAL.- Prórroga

Visto o contido da memoria a que se refire a cláusula decimocuarta e demais circunstancias que resulten pertinentes, e previa negociación coas centrais sindicais, a Xunta de Goberno poderá acordar a prórroga do presente acordo para o ano 2006.

2º.- A efectos do disposto na cláusula 4ª do programa de reforzos que se aproba, dése trámite o presente expediente de gasto consonte o disposto no apartado 1º da Base 33ª, e concordantes das de execución dos orzamentos do Concello de Vigo para 2005.

Dado que no punto 4º de dito acordo sinalase que “Estas retribucións devengaránse cunha periodicidade mensual”, asímesmo, deberanse reflectir tódalas incidencias que se produzan e que afecten a nómina (tales como ILT por continxencias comúns, vacacións así como a non realización dalgunha das xornadas previstas sen causa xustificada, tralo informe da xefatura do Corpo da Policía Local, ó obxecto de dar cumprimento á base 33 das de execución do presuposto que implica unha longa tramitación e para poder cumprir co acordo,

PROPONSE:

Primeiro.- Que pola Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto nos artigos 13.6 e 14 da Lei 30/92 de 26 de novembro, por razóns de urxencia procédese a delegación da competencia compromiso de gasto relativos ó pago mensual das xornadas de reforzo para a policía local para o ano 2005, así como o recoñecemento das obrigas derivadas deste acordo, co obxecto de proceder regularmente ó pago mensual das retribucións, dando conta a Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Así mesmo, a Xunta de Goberno local con data 26.01.04, adoptou acordo de delegación de dito órgano na Alcaldía de asignación de gratificación por servizos extraordinarios do persoal adscrito ao servizo de extinción de Incendios.

Terceiro.- Ó obxecto de unificar criterios, ditas competencias serán delegadas no Concelleiro D. José Manuel Figueroa Vila.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(938).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás doce horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Lucía Molaes Pérez.